

Proposta de resolución con RESOLUCIÓN de aprobación de corrección de erro dos criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, da Estratexia de Desenvolvemento Local do grupo de desenvolvemento rural de Galicia GDR 03 Asociación de Desenvolvemento Rural Montes e Vales Orientais

I. ANTECEDENTES

1. O Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, a Axencia), na súa xuntanza do 20 de abril de 2022, acordou aprobar as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño de futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023 (código de procedemento MR701F). Dito acordo publicouse mediante Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG nº 105, do 2 de xuño).

De conformidade co artigo 18 das indicadas bases reguladoras, mediante a Resolución do 19 de setembro de 2022, a directora xeral da Axencia, por delegación do Consello de Dirección desta, seleccionou 24 organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027.

2. A Resolución da directora xeral da Axencia do 27 de abril de 2023, estableceu as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas (DOG nº 89, do 10 de maio).

Instruído o procedemento, a directora xeral da Axencia, mediante Resolución do 7 de decembro de 2023, seleccionou e aprobou as estratexias de desenvolvemento local, así como as entidades colaboradoras na intervención Leader de Galicia para o período 2023-2027. A dita Resolución foi rectificada pola Resolución do 20 de maio de 2024.

A selección quedou condicionada a que todas as asociacións adecúen os procedementos de selección de proxectos ao disposto nos artigos 16 a 21 da Resolución do 27 de abril de 2023.

3. A xunta directiva do grupo de desenvolvemento rural 03 Asociación de Desenvolvemento Rural Montes e Vales Orientais aprobou os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das súas Estratexias de Desenvolvemento Local.



4. O GDR 03 Asociación de Desenvolvemento Rural Montes e Vales Orientais remitiu á Axencia os citados criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, para a súa aprobación, segundo o cadro achegado:

Data aprobación	Data remisión Agader, nº entrada	
06/03/2025	10/07/2023	2023/2021732
	10/03/2025	2025/738670

5. En data 22/01/2026 (nº de entrada 2026/169551) e o 23/01/2026 (nº entrada 2026/191252) o GDR 03 Asociación de Asociación de Desenvolvemento Rural Montes e Vales Orientais remitiu á Axencia solicitude de corrección dun erro tipográfico no apartado Baremos de selección de proxectos, na descrición do segundo ítem de valoración do criterio 2.3 "Innovacións tecnolóxicas e novas formas de aproveitamento de recursos" de proxectos non produtivos, ao poñer 10 puntos cando o correcto é 5 puntos, tal e como se reflicte e aplica no cadro de valoración.

II. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Normativa xeral e específica de aplicación

1. Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG n.º 251, do 29 de decembro), pola que se creou a Axencia como un ente de dereito público, e Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aprobou o Regulamento da Axencia (DOG n.º 77, do 20 de abril).
2. Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, que contempla a natureza da Axencia como unha axencia pública autonómica das previstas no artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (DOG n.º 94, do 21 de maio).
3. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a partir de agora LPACAP (BOE n.º 236, do 02 de outubro).
4. Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG n.º 121, do 25 de xuño).
5. Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a partir de agora RLSG (DOG n.º 20, do 29 de xaneiro).
6. Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (DOG n.º 135, do 12 de xullo).
7. Acordo do 20 de abril de 2022 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para a



aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023 (código de procedemento MR701F). O citado acordo publicouse mediante a Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG n.º 105, do 2 de xuño).

8. Resolución da directora xeral da Axencia do 27 de abril de 2023 pola que se estableceron as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas (DOG n.º 89, do 10 de maio).
9. Resolución do 7 de decembro de 2023 da persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, ditada por delegación do Consello de Dirección, de selección de estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras, así como de distribución de fondos entre as estratexias de desenvolvemento local.
10. Resolución do 20 de maio de 2024 pola que se rectifican os erros materiais da Resolución do 7 de decembro de 2023 da persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, ditada por delegación do Consello de Dirección, de selección de estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras, así como de distribución de fondos entre as estratexias de desenvolvemento local.

2.Competencia

A competencia para a instrución do procedemento para a selección e aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como para a selección de entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, é da Subdirección de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural, segundo o artigo 15 das bases reguladoras aprobadas o 20 de abril de 2022 polo Consello de Dirección da Axencia para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, publicadas mediante a Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG n.º 105, do 2 de xuño).

Segundo o artigo 20.7 das citadas bases reguladoras, a persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, por delegación do Consello de Dirección desta, é a competente para a aprobación das estratexias de desenvolvemento local, das que forman parte os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, aplicables na execución das citadas estratexias.

3.Valoración da documentación presentada polo GDR.

Tras a instrución do procedemento conséntase que:

-A entidade colaboradora GDR 03 Asociación de Desenvolvemento Rural Montes e Vales Orientais na intervención Leader de Galicia para o período 2023-2027 seleccionada pola Resolución do 7 de decembro de 2023, rectificada pola Resolución do 20 de maio de 2024, presentou ante a Axencia as normas para a xestión das estratexias de desenvolvemento local, en particular, o Plan de xestión e os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das estratexias de desenvolvemento local.

-Que as normas referidas á estratexia do GDR 03 Asociación de Desenvolvemento Rural Montes e Vales Orientais conteñen, ben na súa primeira versión, ben na modificada revisada tecnicamente pola Axencia, os límites de axuda pública máxima, os criterios de selección e priorización dos proxectos (baremo, regras para a asignación das porcentaxes de axuda pública e procedemento de priorización e selección dos proxectos que contén coa verificación favorable do informe de control



de elixibilidade por parte da Axencia), así como as limitacións sectoriais e fan referencia aos mecanismos que garanten os principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade e libre concorrência, aos procesos de toma de decisións e aos procedementos de contratación, e o procedemento para evitar conflitos de intereses nos membros dos órganos de avaliación e decisión do GDR.

-Que as ditas normas foron aprobadas polo órgano competente do GDR.

En definitiva, o GDR seleccionado adecuou os procedementos de selección de proxectos ao disposto nos artigos 16 a 21 da Resolución do 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, en particular, ás regras de puntuación e procedemento de selección dos investimentos subvencionables para operacións en apoio de terceiras persoas.

A modificación proposta adecúase igualmente ao disposto nos artigos 16 a 21 da Resolución do 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, en particular, ás regras de puntuación e procedemento de selección dos investimentos subvencionables para operacións en apoio de terceiras persoas

Tendo en conta os antecedentes e consideracións sinaladas,

PROPOÑO

Que se aprrobe o Plan de xestión e os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das estratexias de desenvolvemento local do GDR 03 Asociación de Desenvolvemento Rural Montes e Vales Orientais 6 que figuran como anexo deste documento coas modificacións propostas.

Na data da sinatura electrónica

A subdirectora de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural

Francisca María Gago Guillán

Tendo en conta o anterior, RESOLVO:

Aprobar a proposta da Subdirectora de Relacións cos GDR nos seus propios termos.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interperse recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección da Axencia, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Compostela, no prazo de dous meses contados igualmente desde o día seguinte ao da notificación. Tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime oportuno.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
(P.D.: art. 20.7 das bases reguladoras do 20.04.2022)



A directora xeral da Axencia
María Paz Rodríguez Rivera

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Lugar da Barcia, 56, Laraño
Tfo +34 981 547 354





ASOCIACION DE DESENVOLVEMENTO RURAL
MONTES E VALES ORIENTAIS - GDR3

ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL

ASOCIACION MONTES E VALES
ORIENTAIS- GDR3

APARTADOS H e I



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MEDIO
RURAL



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL

ASOCIACION MONTES E VALES ORIENTAIS- GDR3

APARTADOS H e I

Contido

Índice de táboas.....	2
<i>Consideracións previas</i>	3
<i>H. Obxectivos</i>	4
H.1. Obxectivos xerais	5
H.2. Obxectivos específicos.....	7
H.3. Indicadores para o seguimento do nivel de consecución dos obxectivos	10
<i>I. Plan de acción</i>	13
I.1. Liñas estratéxicas e medidas ou liñas de actuación	14
I.2. Proxectos e accións específicas con impacto significativo	19
I.3. Actuacións propias de animación a realizar polo grupo	21
I.4. Plan de formación do GDR.....	22
I.5. Plan de cooperación e traballo en rede con outros GDR e entidades	25
I.6. Planificación temporal	29
I.7 indicadores de avaliación.....	31
I.8 Normas de xestión	34
I.9 proposta de cadro financeiro	37
I.10 Baremos de selección	38



Índice de táboas

Táboa 1. Relación priorizada dos obxectivos xerais da estratexia.....	5
Táboa 2. Relación priorizada dos obxectivos específicos da estratexia	7
Táboa 3. Indicadores para o seguimento do nivel de consecución dos obxectivos	10
Táboa 4. Liñas estratéxicas e medidas ou propostas de actuación.....	14
Táboa 5. Proxectos e accións específicas con impacto significativo	19
Táboa 6. Programación das actuacións propias de animación a realizar polo grupo ...	21
Táboa 7. Plan de formación.....	23
Táboa 8. Plan de cooperación e traballo en rede	25
Táboa 9. Planificación temporal dos proxectos e actividades.....	29




Consideracións previas

Seguindo o procedemento recollido no Anexo C das “bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradas na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para a aprobación de estratexias de desenvolvemento local”, no seguinte documento elaboranse os apartados H e I que configura a proposta de Estratexia de desenvolvemento local participativo para o GDR-3.

A modo de resumo gráfico dos apartados anteriores, pátense do seguinte mapa conceptual que reflexa dun modo resumido as principais aportacións do intenso proceso participativo que se desenvolveu neste GDR con vistas a configurar unha estratexia acorde ca realidade do territorio.

Fonte: elaboración propia con Cmap Tools



H. Obxectivos

O proceso participativo deu como resultado unhas reflexións xerais de como debe articularse unha estratexia de desenvolvemento no territorio.

A primeira delas, xeral e transversal, puxo de manifesto a necesidade de que o programa **Leader se oriente sobre todo en apoiar pequenos proxectos**. Deste xeito tense chegado a unha unanimidade de que a **máxima axuda** a outorgar sexa de **100.000€**, co excepción dos proxectos que creen 5 ou mais postos de traballo que poderán acadar os 200.000 € de axuda máxima, tanto para proxectos produtivos coma non produtivos. A finalidade desta limitación á cantidade máxima de axuda é que se facilite o financiamento de mais proxectos pequenos, que xeran moito mais tecido socioeconómico que concentrando as axudas en grandes proxectos. Os datos analizados dos dous períodos anteriores, corroboran **a importancia dos pequenos proxectos para xerar emprego**, non houbo grandes proxectos que implicaran grandes cantidades de postos de traballo, foron proxectos pequenos dunha UTA ou dúas os que crearon emprego no territorio.

Outra das conclusións xerais que orientan o establecemento de obxectivos e plan de acción é a necesidade de **apoiar os relevos xeracionais**, particularmente en pequenos negocios que son imprescindibles no territorio (panaderías, tendas de alimentación, casas de comidas, etc...) como mostra da gravidade da situación exposta, na vila de Becerreá, un dos Nodos da comarca, pecharon por xubilación no 2022 as dúas únicas panaderías existentes, sin que se producira relevo.

Resulta moi destacable a valoración xeral das entidades de organización da sociedade civil e do empresariado local, sobre o papel do GDR como entidade dinamizadora da creación de sinerxías e redes de apoio e colaboración no territorio. Resulta chamativo que durante o proceso de participación se crease a **Rede de Mulleres do GDR3** e xurdise tamén “**A despensa de Ancares Terras de Burón**” dúas iniciativas de promoción das sinerxias entre mulleres e entre sectores. O GDR tense convertido nun **referente a nivel da innovación e da xeración de sinerxias** no seu ámbito territorial, e este debe seguir sendo o camiño.

Outra das reflexións de relevancia para o deseño da estratexia, é que moitos **pequenos proxectos**, sobre todo os relacionados con explotacións multifuncionais, **non atopan unha liña de axuda axeitada**, na meirande parte dos casos non compren requisitos para ter unha incorporación ou un plan de mellora; Leader debe apoiar estes pequenos proxectos nos que a persoa emprendedora ten que conxugar actividades diversas.

Na análise de todas as estratexias aplicadas nos distintos GDR que operaron no territorio dende 2007 a 2020, reflexase que tiveron **pouco impacto, entre promotores privados e públicos, os proxectos vinculados ó monte**; sendo este un recurso de moita relevancia débense reorientar esforzos dinamizadores e ligar proxectos de interese como a recuperación patrimonial con proxectos de coidado do monte. Desta análise derivan as proposta de proxectos piloto que se farán, e que van orientadas a patrimonio e monte.

O territorio ten **un forte potencial para desenvolverse cara o Ecoturismo**, poñendo en valor a rede de espazos protexidos, preto do 50% é Rede Natura e mais do 90% Reserva da Biosfera. Os saberes tradicionais, as formas de produción sostible, o patrimonio, a comercialización de produtos do territorio e os pequenos negocios de aloxamento, restauración e turismo activo, son as bases para configurar **produtos turísticos que poden xerar moito dinamismo** no sector e atractivo para que a xente nova queira apostar por negocios neste campo.



Nas estratexias 2007-2013 non xurdiu a **necesidade da vivenda**, sen embargo en 2014-2020, xurde con forza esta necesidade, e contra mais nos achegamos cara o final do período máis se reforza; medra o número de persoas que queren asentarse no territorio e que se atopan co punto crítico de que non hai mercado de aluguer de vivenda. **Os proxectos públicos** que aposten por **facilitar acceso a vivenda** para persoas que queiran vivir e traballar no territorio deben ter **máxima prioridade**, o mesmo que os **de mellora da calidade de vida nos pobos**, os de espazos de apoio a actividade como os **obradoiros compartidos**, os **produtos turísticos supramunicipais**, ou as **comunidades enerxéticas**. Todos estes proxectos irán na liña de contribuír á **loita contra a grave despoboación** dos concellos do territorio.

O GDR tamén debe apostar nesta estratexia por **adquirir capacidades e potencial de liderar a innovación** no territorio, a través da formación, intercambios e cooperación con outros territorios en temáticas como a mobilidade de terras, o turismo sostible, o aproveitamento de montes, o Pacto Verde europeo, as novas fórmulas de vivenda no rural e outros campos de interese que xurdan.

H.1. Obxectivos xerais

Táboa 1. Relación priorizada dos obxectivos xerais da estratexia

Orde	Obxectivos xerais	Xustificación no marco da estratexia (*)
1º	Sector primario: apoiar a multifuncionalidade das explotacións como recuperadoras de terra agraria, xestoras de monte, produtoras de alimentos, prestadoras de servizos ecosistémicos e xeradoras de emprego. Mellorar o valor económico do monte e a resiliencia fronte a catástrofes como os incendios forestais	Facilitar o acceso á terra para as explotacións, previndo o seu abandono e promovendo a súa posta en valor. Reducir os custos das explotacións, mediante o fomento de modelos produtivos extensivos; recuperar os saberes das explotacións diversas e orientadas a múltiples actividades. Potenciar o aproveitamento da biomasa e uso do monte para ganderías extensivas, cereais, aproveitamento multifuncional do monte, e recuperación dos soutos de castiñeiros e outras producións tradicionais do monte Reducir a dependencia de recursos do exterior, apoiando as actividades sostibles e promovendo o uso eficiente dos recursos e a protección da biodiversidade.
2º	Sector agroindustrial: Apoiar a consolidación do sector agroalimentario do territorio do GDR3. Apoiar fórmulas de bioeconomía e economía circular, estratexias da granxa á mesa, consumo de produto local e outras.	Fortalecer o sector agroalimentario local, aumentar o valor dos produtos, reforzar a posición social dos profesionais e crear unha imaxe de calidade para os produtos agroalimentarios; reforzar as estruturas de colaboración intersectorial.
3º	Sector turístico: Facer do territorio do GDR3 un destino turístico diferencial, destacando as potencialidades do turismo de espazos naturais, mediante o ecoturismo. Favorecer a posta en marcha dunha estratexia comarcal integrada para crear produtos turísticos relevantes e con capacidade de atraer mercados de distancia media e longa. Promover o turismo de natureza, infraestruturas de aloxamento de calidade, uso das novas tecnoloxías na xestión turística, creación de	Aproveitar o feito diferencial de contar destacando as potencialidades do turismo de espazos naturais. Implicar ás administracións locais na posta en valor dos recursos turísticos, e na configuración dun destino diferenciado e atractivo. Apoiar sinerxias entre establecementos turísticos, explotacións agrogandeiras, valorización do patrimonio cultural e medioambiental e uso de infraestruturas ociosas para xerar ocio territorial.



	oferta de servizos turísticos e mellora dos establecementos turísticos.	
4ª	Servizos innovadores: Innovación e redes de apoio, creación de sinerxias entre persoas, empresas, administracións e formas de agrupación da sociedade. Uso das novas tecnoloxías e datos para a xestión de negocios e plans.	Facilitar a integración e cooperación entre persoas a creación de ecosistemas de apoio. Apoiar empresas de servizos innovadores. Habilitar espazos de encontro, potenciar a transmisión e divulgación do coñecemento e fomentar a coordinación e cooperación entre axentes e sectores do territorio.
5ª	Servizos sociais: Mellora do benestar e da calidade de vida	Crear novas empresas e ofertas de servizos para a poboación rural, ampliar e mellorar a oferta de servizos existentes e apoio á diversificación económica e mantemento do emprego no rural. Favorecer a integración a vivenda e o coidado de persoas desfavorecidas. Promover liñas de apoio a un envellecemento activo e digno no entorno rural.
6ª	Loita contra a despoboación e fomento da recuperación da poboación rural	Mellorar o benestar e a calidade de vida nos pobos, rehabilitando espazos de relación veciñal. Promover medidas de adecentamento de núcleos de poboación, recuperación do patrimonio cultural e etnográfico. Apoiar a dispoñibilidade de oferta de vivenda para persoas que queiran buscar no territorio un lugar para vivir e traballar. Promover os espazos de traballo conxunto como os obradoiros compartidos, nos que se facilite o inicio dunha actividade sen empezar facendo fronte á carga burocrática que require iniciar un negocio.
7ª	Formación e capacitación Adquisición de capacidades por parte do GDR para liderar a innovación, o acceso a recursos de financiamento e a dinamización territorial. Proporcionar formación para potenciar o aproveitamento de recursos e a posta en valor dos diferentes sectores de actividade. Promover a innovación e a adopción de novas tecnoloxías, fomentar o desenvolvemento de novos métodos e técnicas, así como a incorporación de tecnoloxías dixitais, agricultura de precisión, enerxías renovables e outras solucións sostibles que poidan mellorar a produtividade, a eficiencia e a calidade dos produtos. Asesorar e apoiar os veciños e propietarios na xestión das propiedades comunais e promover formas xurídicas de xestión de montes. Establecer mecanismos para xestionar e difundir o coñecemento que pode incluír a creación dunha plataforma en liña para	Establecer mecanismos para que o grupo de desenvolvemento se capacite para axudar a todos os sectores do territorio a acceder a recursos innovadores e financiamento necesarios para o desenvolvemento das súas actividades, orientando sobre programas e axudas dispoñibles a nivel local, rexional, nacional ou supranacional. Fomentar a colaboración e o intercambio de coñecementos a través de redes de cooperación, encontros periódicos e eventos de todo tipo, onde se poidan compartir experiencias, boas prácticas, oportunidades e mellores técnicas dispoñibles. Desenvolver programas de formación oficios tradicionais que aborden as necesidades existentes. Fortalecer as capacidades e o coñecemento xeral para impulsar o desenvolvemento sustentable e as sinerxias entre os sectores de actividade no territorio.



	compartir boas prácticas, a organización de seminarios e conferencias, a publicación de guías e manuais, entre outras actividades que faciliten a transferencia de coñecemento e a adopción de métodos eficaces.	
--	--	--

H.2. Obxectivos específicos

Táboa 2. Relación priorizada dos obxectivos específicos da estratexia

Orde	Obxectivos específicos	Obxectivo(os) xeral(ais) ao(s) que se vincula	Xustificación no marco da estratexia (*)
1º	-Reforzar a multifuncionalidade das explotacións, para producir diferentes produtos e servizos	1º	Xustifícanse na necesidade de consolidar o sector primario que é a base da economía do territorio e das paisaxes protexidas que son o distintivo do territorio.
2º	-Apoiar o aproveitamento de terras de aptitude agraria para produción de alimentos, implantando ferramentas de mobilidade de terras e prácticas agroecolóxicas	1º	Mobilizar terra para as explotacións de profesionais e tamén para actividades complementarias e mesmo para novos cultivos acordes cas novas demandas alimentarias.
3º	-Apoiar modos de produción agroecolóxicos e sistemas baixos en carbono	1º e 2º	Recuperar o potencial produtivo das terras agrarias de acordo a modos tradicionais baseados na economía circular
4º	-Poñer en valor as producións de autoconsumo como fórmulas complementarias para que a xente aproveite as fincas de mellor calidade nos entornos das aldeas	1º e 2º	Facilitar fórmulas diversas de que a xente obteña ingresos adicionais e se vincule o rural aproveitando os recursos. Traballo de sinerxias co sector da industria agroalimentaria e o turismo
5º	-Aumentar o valor dos produtos agroalimentarios a través da súa transformación, comercialización e mellora das redes de distribución	1º e 2º	-Consolidar o posicionamento do sector agroalimentario da comarca do GDR3 como referente dos produtos alimentarios procedentes de sistemas alimentarios sostibles.
6º	-Mellorar o valor económico do monte e a resiliencia fronte a catástrofes como os incendios forestais con técnicas de agro-silvicultura e silvopastoreo	1º	Favorecer a xestión das propiedades comunais e loitar contra o abandono
7º	-Fortalecer o sector agroalimentario local, para aumentar a súa capacidade de transformación das producións primarias.	1º e 2º	Aumentar o valor dos produtos do territorio, consolidar a estratexia Da Granxa á mesa e consolidar unha imaxe de calidade para os produtos agroalimentarios ligados a prácticas de gandería extensiva e coidadoras da biodiversidade e a paisaxe
8º	-Traballar as estruturas de colaboración intersectorial, do sector agroalimentario co primario e cos servizos.	1º, 2º e 3º	Aumentar o valor dos produtos agroalimentarios e plantexar estruturas de colaboración nas que todos os sectores se benefician do traballo dos demais,



			traballando unidos por unha imaxe de territorio rico en biodiversidade
9º	Consolidarse como destino de Ecoturismo implicando a empresas administracións e sociedade civil	1º, 2º, 3º, 4º	O ecoturismo busca unificar a todos os sectores do territorio en torno o concepto de desarrollo sostible, para fomentar o crecemento social, económico e cultural salvagardando os recursos naturais. Aproveitar o feito diferencial de ser unha das meirandes redes de espazos protexidos de Galicia e de España
10º	Implicar ás administracións locais na posta en valor dos recursos turísticos, e na configuración dun destino diferenciado e atractivo.	3º	Implicar ás administracións locais na posta en valor dos recursos turísticos, e na configuración dun destino diferenciado e atractivo que exerza de foco de atracción para mercados de media e larga distancia
11º	Promover a creación de oferta de servizos turísticos e mellora dos establecementos turísticos uso das novas tecnoloxías na xestión turística e o turismo activo	3º	Ofrecer ás persoas visitantes a resposta ás preguntas de que ver/que facer , onde durmir e onde comer, que son as claves para o desenvolvemento do territorio.
12º	Potenciar as redes de apoio, a creación de sinerxías entre persoas, empresas, administracións e formas de agrupación da sociedade.	4º	Facilitar a integración e cooperación entre persoas para diversificar a economía e os servizos e a creación de ecosistemas de apoio, como a Rede de mulleres do territorio
13º	Apoiar empresas de servizos innovadores e o uso das novas tecnoloxías e datos para a xestión de negocios e plans.	4º	Implantación do uso de datos para a toma de decisións e creación de sistemas colaborativos baixo SIGs para coñecemento de recursos do territorio, o exemplo da rede de micropaisaxes pode ampliarse a localización de terras para mobilizar, a mapeo de recursos turísticos, etc.
14º	Habilitar espazos de encontro, potenciar a transmisión e divulgación do coñecemento e fomentar a coordinación e cooperación entre axentes e sectores do territorio.	4º	Potenciar a coordinación e a cooperación entre diferentes axentes e sectores do territorio para lograr o efecto multiplicador da EDLP
15º	Apoio a empresas e ofertas de servizos para a poboación rural	5º	Mellora do benestar e da calidade de vida e creación de novas, para ampliar e mellorar a oferta de servizos existentes e apoio á diversificación económica e mantemento do emprego no rural.
16º	Habilitar espazos de coidado e acollida para persoas desfavorecidas.	5º	Favorecer a integración e o coidado de persoas desfavorecidas
17º	Promover medidas de adecentamento de núcleos de poboación, recuperación do patrimonio cultural e etnográfico e dotar de oportunidades innovadoras ó patrimonio abandonado	6º	Mellorar o benestar e a calidade de vida nos pobos, rehabilitando espazos de relación veciñal e abrindo posibilidades de por en valor o patrimonio etnográfico.
18º	Apoiar a dispoñibilidade de oferta de vivenda para persoas que	Relacionado con todos	E necesario potenciar un mercado de alugueiro dende o sector público e o privado, xa que a deficiencia de vivenda



	queiran buscar no territorio un lugar para vivir e traballar.		impide a moitas persoas instalarse no territorio
19º	Promover os espazos de traballo conxunto como os obradoiros compartidos en espazos públicos.	2º e 6º	E necesario facilitar o inicio dunha actividade, sen que a persoa promotora teña que empezar facendo fronte á carga burocrática que require iniciar un negocio. Espazos habilitados cun rexistro sanitario poden permitir que as persoas empecen un negocio sen necesidade de comprometer un diñeiro que non teñen.
20º	Formación e capacitación Adquisición de capacidades por parte do GDR para liderar a innovación, o acceso a recursos de financiamento e a dinamización territorial.	7º	Establecer mecanismos para que o grupo de desenvolvemento se capacite para axudar a todos os sectores do territorio a acceder a recursos innovadores e financiamento necesarios para o desenvolvemento das súas actividades, orientando sobre programas e axudas dispoñibles a nivel local, rexional, nacional ou supranacional. Fomentar a colaboración e o intercambio de coñecementos a través de redes de cooperación, encontros periódicos e eventos de todo tipo, onde se poidan compartir experiencias, boas prácticas, oportunidades e mellores técnicas dispoñibles. Fortalecer as capacidades e o coñecemento xeral para impulsar o desenvolvemento sustentable e as sinerxias entre os sectores de actividade no territorio.
21º	Proporcionar formación para potenciar o aproveitamento de recursos e a posta en valor dos diferentes sectores de actividade. Desenvolver programas de formación en oficios tradicionais e novos, que aborden as necesidades existentes.	7º	Oficios tradicionais como teitadores, canteiros ou outros mais innovadores como guías de interpretación, etc, teñen un campo de traballo amplo que pode permitir a persoas xóvenes desenvolver unha actividade empresarial ineresante
22º	Promover a innovación e a adopción de novas tecnoloxías Establecer mecanismos para xestionar e difundir o coñecemento que pode incluír a creación dunha plataforma en liña para compartir boas prácticas, a organización de seminarios e conferencias, a publicación de guías e manuais, entre outras actividades que faciliten a transferencia de coñecemento e a adopción de métodos eficaces.	7º	Fomentar o desenvolvemento de novos métodos e técnicas, así como a incorporación de tecnoloxías dixitais, agricultura de precisión, enerxías renovables e outras solucións sostibles que poidan mellorar a produtividade, a eficiencia e a calidade dos produtos.
23º	Asesorar e apoiar os veciños e propietarios na xestión das propiedades comunais e promover formas xurídicas de xestión de montes.	7º	Fomentar fórmulas alternativas de uso e xestión do monte.



H.3. Indicadores para o seguimento do nivel de consecución dos obxectivos

Táboa 3. Indicadores para o seguimento do nivel de consecución dos obxectivos

Obxectivos xerais			
Nº	Obxectivo	Indicador	Unidade de medida
OX1	Sector primario: apoiar a multifuncionalidade das explotacións como recuperadoras de terra agraria, xestoras de monte, produtoras de alimentos, prestadoras de servizos ecosistémicos e xeradoras de emprego. Mellorar o valor económico do monte e a resiliencia fronte a catástrofes como os incendios forestais:	-Explotacións que implementan multifuncionalidade ligada á xestión sostible da terra e da biodiversidade -Terras que se recuperan para produción de alimentos -Superficie de monte que se xestiona con proxectos orientados ó silvopastoralismo, cultivos e á resiliencia do monte. -Explotacións que promoven a recuperación de cultivos tradicionais -Empregos creados, por idade e colectivos específicos	Nº explotac. Nº de Ha Nº de Ha Nº de CMVMC Nº de titulares Nº empregos
OX2	Sector agroindustrial: Apoiar a consolidación do sector agroalimentario do territorio do GDR3. Apoiar fórmulas de bioeconomía e economía circular, estratexias da granxa á mesa, consumo de produto local e outras	-Empresas agroalimentarias que implementan practicas de economía circular e uso eficiente de recursos -Alianzas establecidas entre o sector agroalimentario, o primario e o turismo -Empregos creados, por idade e colectivos específicos	Nº empresas Nº alianzas Nº empregos
OX3	Sector turístico: Aposta comarcal integrada para facer do territorio do GDR3 un destino turístico diferencial, destacando as potencialidades do turismo de espazos naturais, mediante o ecoturismo. Promover o turismo de natureza, as infraestruturas de calidade, o uso das novas tecnoloxías a creación de oferta de servizos turísticos e a creación e mellora dos establecementos turísticos.	-Accións conxuntas de todos os concellos para crea imaxe de destino de turismo de natureza e ecoturismo -Empresas que se adhíren a clubes de produto de ecoturismo ou marcas de clidade como Reserva da Biosfera -Infraestruturas creadas ou melloradas con criterios de sostibilidade turística -Negocios de turismo activo, de aloxamento e restauración de calidade mellorados ou creados -Alianzas establecidas con outros sectores para desenvolver clubes de produto e actividade promocional -Produtos turísticos diversificados -Empregos creados, por idade e colectivos específicos	Nº Accións Nº empresas Nº infraestr. Nº negocios Nº alianzas Nº Produtos Nº empregos
OX4	Servizos innovadores: Innovación e redes de apoio, creación de sinerxias entre persoas, empresas, administracións e formas de agrupación da sociedade. Uso das novas tecnoloxías e datos para a xestión de negocios e plans.	-Proxectos de innovación -Colaboracións e alianzas estratéxicas -Empresas que implementan a tecnoloxía no seu negocio -Espazos de encontro e colaboración -Empregos creados, por idade e colectivos específicos	Nº proxectos Nº alianzas Nº empresas Nº espazos Nº empregos
OX5	Servizos sociais: Mellora do benestar e da calidade de vida. Crear novas empresas e ofertas de servizos para a poboación rural, ampliar e mellorar a oferta de servizos de integración e apoio á diversificación económica e mantemento do emprego no rural. Habilitar espazos de coidado e acollida para persoas desfavorecidas.	-Empresas e servizos creados -Personas desfavorecidas integradas y atendidas -Persoas beneficiadas polos servizos -Espazos habilitados para coidado, relación social e acollida -Empregos creados, por idade e colectivos específicos	Nº empr/serv Nº persoas Nº persoas Nº espazos Nº empregos
OX6	Loita contra a despoboación e fomento da recuperación da poboación rural. Mellorar o benestar e a calidade de vida nos pobos, rehabilitando espazos de relación veciñal. Promover medidas de adecentamento de núcleos de poboación, recuperación do patrimonio cultural e etnográfico. Apoiar a dispoñibilidade de oferta de vivenda.	-Dispoñibilidade de oferta de vivendas no territorio rural -Espazos de relación veciñal rehabilitados. -Núcleos de poboación nos que se realizaron melloras -Proxectos de recuperación do patrimonio cultural e etnográfico -Espazos de traballo conxunto (obradoiros compartidos) -Crecemento da poboación por núcleo no que houbo intervencións	Nº vivendas dispoñibles Nº espazos % sobre total Nº de bens Nº espazos % crecemen.



	Promover os espazos de traballo conxunto como os obradoiros compartidos		
OX7	Formación e capacitación Adquisición de capacidades por parte do GDR para liderar a innovación, o acceso a recursos de financiamento e a dinamización territorial. Proporcionar formación para potenciar o aproveitamento de recursos e a posta en valor dos diferentes sectores de actividade, promover a innovación, asesorar e apoiar na xestión da terra e establecer mecanismos para difundir o coñecemento.	-Rexistro do número de programas de formación e capacitación levados a cabo para o GDR e a comunidade local -Persoas participantes que adquiren novas capacidades -Empresas participantes en accións de formación -Existencia dunha plataforma en liña para compartir boas prácticas -Eventos e encontros realizados para fomentar a colaboración e o intercambio de coñecementos entre os sectores. -Enquisas de satisfacción das persoas participantes -Rexistro do número de programas de formación enfocados en oficios tradicionais -Enquisas de avaliación da capacidade xeral do GDR para impulsar o desenvolvemento sustentable.	Nº accións Nº persoas Nº empresas Existe/non Nº Eventos % satisfacc. Nº accións Índice de capacidade
Obxectivos específicos			
	Obxectivo específico	Indicadores específicos	
OE1	Reforzar a multifuncionalidade das explotacións, para producir diferentes produtos e servizos	-Explotacións que diversifican a súa produción agrícola ou gandeira, incorporando novas actividades ou a prestación de servizos ecosistémicos. - Postos de traballo creados nas explotacións grazas á diversificación	Nº explotac. Número de postos
OE2	Apoiar o aproveitamento de terras de aptitude agraria para produción de alimentos, implantando ferramentas de mobilidade de terras e prácticas agroecolóxicas	-Proxectos de mobilidade de terra implementados -Superficie de terras mobilizadas e postas en produción agrícola grazas ás ferramentas de mobilidade de terras. -Persoas beneficiadas polas actividades complementarias desenvolvidas nas terras de aptitude agraria mobilizadas, como turismo rural, agroturismo ou venda directa ao consumidor.	Nº acordos Nº Ha Nº persoas
OE3	Apoiar modos de produción agroecolóxicos e sistemas baixos en carbono	-Superficie de terras agrarias que adoptan prácticas agroecolóxicas -Contribución á redución de emisións -Acordos entre empresas e propietarios agroforestais para compensación HdC	Nº Ha Nº Tn Nº acordos
OE4	Poñer en valor producións de autoconsumo como fórmulas complementarias para que a xente aproveite as fincas de mellor calidade nos entornos das aldeas	- Número de fincas de mellor calidade nos entornos das aldeas utilizadas para pequenas producións. -Familias ou persoas que se dedican á produción -Acordos de colaboración cos sectores turístico e agroalimentario	Nº Ha Nº persoas Nº acordos
OE5	Aumentar o valor dos produtos agroalimentarios a través da súa transformación, comercialización e mellora das redes de distribución	-Accións de promoción e marketing para dar a coñecer e promover os produtos agroalimentarios da comarca. -Acordos de colaboración e intercambio de coñecementos entre os produtores e transformadores -Produtos que melloran valor engadido debido á súa transformación.	Nº accións Nº acordos Nº produtos
OE6	Mellorar o valor económico do monte e a resiliencia fronte a catástrofes como os incendios forestais con técnicas de agro-silvicultura e silvopastoreo	-Propiedades comunais xestionadas de forma sostible e activa. -Superficie de terreo forestal utilizado para técnicas de agro-silvicultura e silvopastoreo. - Participación e implicación da comunidade local na xestión e coidado do monte	Nº Ha Nº Ha Nº actividades
OE7	Fortalecer o sector agroalimentario local, para aumentar a súa capacidade de transformación das producións primarias.	- Aumento no número de empresas agroalimentarias locais que realizan procesos de transformación de produtos primarios. -Incremento na comercialización de produtos agroalimentarios locais. -Participación e implicación dos actores locais, como agricultores, gandeiros, transformadores e consumidores, na estratexia Da Granxa á mesa.	Nº empresas Nº de canles Nº participan.
OE8	Traballar as estruturas de colaboración intersectorial, do sector agroalimentario co primario e cos servizos.	- Iniciativas e proxectos de colaboración entre o sector agroalimentario, o sector primario e o sector de servizos.	Nº iniciativas



		-Creación de sinerxias económicas e sociais entre os sectores, coa xeración de emprego e riqueza no territorio. -Consolidación de estruturas e plataformas de coordinación e comunicación entre os diferentes sectores, facilitando a colaboración e o intercambio de coñecemento.	Nº accións Nº plataform.
OE9	Consolidarse como destino de Ecoturismo implicando a empresas administracións e sociedade civil	-Empresas turísticas comprometidas co ecoturismo e a súa participación en iniciativas de desenvolvemento sostible. -Crecemento no número de visitantes que elixen o territorio do GDR3 como destino de ecoturismo. -Incremento na oferta de servizos turísticos relacionados co ecoturismo, como rutas de sendeirismo, actividades de observación da natureza, turismo rural, restauración e aloxamento sostible. -Consolidación do territorio do GDR3 como un destino de ecoturismo.	Nº empresas Nº visitantes Nº prazas Certificación destino
OE10	Implicar ás administracións locais na posta en valor dos recursos turísticos, e na configuración dun destino diferenciado e atractivo.	-Participación activa das administracións e da sociedade civil na promoción e desenvolvemento do ecoturismo no territorio -Grao de colaboración e cooperación entre as administracións locais e os axentes turísticos do territorio, para asegurar unha xestión coordinada e integrada do destino turístico diferenciado e atractivo	Nº Accións Nº colaborac.
OE11	Promover a creación de oferta de servizos turísticos e mellora dos establecementos turísticos uso das novas tecnoloxías na xestión turística e o turismo activo	-Novos establecementos turísticos creados no territorio -Mellora na calidade dos establecementos turísticos existentes. -Incorporación e uso das novas tecnoloxías na xestión turística. -Empresas que oferta actividades de turismo activo	Nº establec. Puntuacións Nº empresas Nº empresas
OE12	Potenciar as redes de apoio, a creación de sinerxias entre persoas, empresas, administracións e formas de agrupación da sociedade	- Redes de apoio e colaboración establecidas no territorio do GDR3 -Proxectos e iniciativas de colaboración -Crecemento e fortalecemento da Rede de mulleres do territorio -Iniciativas e programas de formación e capacitación para fortalecer as redes de apoio e sinerxias	Nº redes Nº convenios Nº de mulleres Nº iniciativas
OE13	Apoiar empresas de servizos innovadores e o uso das novas tecnoloxías e datos para a xestión de negocios e plans	-Empresas de servizos innovadores -Crecemento na adopción e uso de novas tecnoloxías -Implantación de ferramentas de análise de datos -Percepción da innovación e o uso de tecnoloxías e datos por parte das empresas e a sociedade en xeral	Nº empresas Enquisas % Enquisas % Enquisas de opinión
OE14	Habilitar espazos de encontro, potenciar a transmisión e divulgación do coñecemento e fomentar a coordinación e cooperación entre axentes e sectores do territorio.	-Grao de efecto multiplicador da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP), na coordinación e cooperación entre os diferentes axentes e sectores do territorio. -Crecemento na percepción da importancia da coordinación e cooperación entre os axentes e sectores do territorio	Indicadores de impacto económico Social e cultural
OE15	Apoio a empresas e ofertas de servizos para a poboación rural	-Mellora do benestar e da calidade de vida da poboación rural -Diversificación económica do ámbito rural que contribúe a manter servizos esenciais -Relevos en negocios e capacidade de creación de novos empregos sostibles na zona rural.	Enquisas Nº empresas Taxa retenc. Postos trab.
OE16	Habilitar espazos de coidado e acollida para persoas desfavorecidas.	-Uso de espazos de acollida e demanda -Mellora da calidade de vida das persoas desfavorecidas -Mellora da integración social das persoas desfavorecidas e participación destas persoas na vida social e comunitaria.	Ind, demand Enquisas Ind. Sociais de particip.
OE17	Promover medidas de adecentamento de núcleos de poboación, recuperación do patrimonio cultural e etnográfico e dotar de	-Impacto na recuperación e posta en valor do patrimonio cultural e etnográfico. -Bens patrimoniais que prestan un servizo innovador	Indicadores de estado Tipo de bens



	oportunidades innovadoras ó patrimonio abandonado	-Oportunidades innovadoras xurdidas a partir do patrimonio abandonado, como a creación de espazos de coworking, iniciativas empresariais ou actividades turísticas baseadas no patrimonio local.	Número oportunidade.
OE18	Apoiar a dispoñibilidade de oferta de vivenda para persoas que queiran buscar no territorio un lugar para vivir e traballar.	-Iniciativas públicas e privadas para fomentar o mercado de alugueiro, para facilitar o acceso á vivenda en aluguer. -Efectividade das medidas de apoio e dispoñibilidade de vivenda. -Iniciativas de rehabilitación e rexeneración urbana para poñer en valor inmobles desocupados ou en estado de deterioro	Nº iniciativas satisfacción Nº iniciativas
OE19	Promover os espazos de traballo conxunto como os obradoiros compartidos en espazos públicos	-Impacto na facilitación do emprendemento e negocios que comezan a operar nos espazos de traballo conxunto -Impacto na creación de emprego e na diversificación económica do territorio -Satisfacción das persoas usuarias dos espazos de traballo conxunto	%persoas que inician negocio Tipos de negocio Enquisas
OE20	Formación e capacitación Adquisición de capacidades por parte do GDR para liderar a innovación, o acceso a recursos de financiamento e a dinamización territorial	-Redes de cooperación e intercambio de coñecementos establecidas polo GDR - Encontros periódicos, boas prácticas e eventos promovidos polo GDR. -Grado de incidencia do asesoramento que o GDR presta no territorio	Nº e tipo de redes Nº accións Indicadores participac.
OE21	Proporcionar formación para potenciar o aproveitamento de recursos e a posta en valor dos diferentes sectores de actividade. Desenvolver programas de formación en oficios tradicionais e novos, que aborden as necesidades existentes.	-Persoas participantes nos programas de formación que adquiren habilidades e coñecementos necesarios para potenciar o aproveitamento de recursos e a posta en valor dos diferentes sectores de actividade. - Certificacións ou recoñecementos obtidos polas persoas participantes nos programas de formación, demostrando adquisición de habilidades para desenvolver os oficios	Enquisas e Indicadores cuantitativos Número de certificados
OE22	Promover a innovación e a adopción de novas tecnoloxías. Establecer mecanismos para xestionar e difundir o coñecemento	-Grao de implicación e interese na transferencia de coñecemento e adopción de métodos eficaces. -Variedade, coherencia ca estratexia e relevancia das propostas. -Guías, manuais e outros materiais publicados polo GDR. -Alianzas establecidas polo GDR con entidades, empresas ou expertos en innovación e tecnoloxía	Enquisas Tipo accións Nº materiais Nº e tipo de alianzas
OE23	Asesorar e apoiar os veciños e propietarios na xestión das propiedades privadas e comunais, no uso das ferramentas de mobilidade de terra e promover formas xurídicas de xestión de montes.	-Iniciativas promovidas polo GDR para promover e facilitar o uso das ferramentas de mobilidade e xestión de terra -Redes ou plataformas de intercambio de coñecemento e boas prácticas en xestión de propiedades e montes comunais. -Participación e colaboración entre os propietarios e veciños.	Nº iniciativas Nº redes Nº accións

I. Plan de acción

Segundo o Anexo C das bases reguladoras, neste apartado cada entidade seleccionada deberá describir un plan de acción que incluíra, como mínimo, o seguinte contido:

- Identificación das liñas estratéxicas e propostas de actuación.
- Identificación de proxectos cun impacto significativo nos obxectivos e liñas estratéxicas de actuación.
- Programación das actuacións propias de animación a realizar polo grupo.



- Plan de formación que inclúa unha planificación dos cursos.
- Plan de cooperación con outros GDR e entidades.

I.1. Liñas estratéxicas e medidas ou liñas de actuación

Recoller aquí as liñas estratéxicas, e para cada liña estratéxica as medidas ou liñas de actuación, para a consecución dos obxectivos definidos no apartado H.

Táboa 4. Liñas estratéxicas e medidas ou propostas de actuación

	Liña estratéxica	Descrición	Obxectivos xerais (OX)/ Obxectivos específicos (OE)	Medidas ou liñas de actuación
LE1	Consolidar o sector primario como garante do desenvolvemento sustentable, social, económico e ambiental e xestor da paisaxe cultural e da biodiversidade	O sector primario aporta estrutura social ás comunidades rurais actividade económica e xestión do medio fronte ós riscos. Os sistemas de produción sostibles en liña co ODS 12 son as armas de loita contra a perda de biodiversidade, solos e capacidade alimentaria.	OX1 OE1 OE2 OE3 OE4 OE6	M1.1 Apoiar a multifuncionalidade das gandeirías e actividades agrarias, con prestación de servizos ecosistémicos, agroturísticos, culturais, de venda directa e calquera servizo complementario acorde cos ODS M1.2 Apoiar o aproveitamento da terra abandonada a través de aplicación de instrumentos da LRTAG e proxectos comunitarios e veciñais. M1.3 Apoiar pequenos proxectos de recuperación de terras para pasar as producións de autoconsumo a producións legalizadas para a venda M.1.4 Apoiar a recuperación de cultivos tradicionais vinculados e os seus ciclos de bioeconomía circular como o centeo ou outros cultivos M.1.5 Apoiar as comunidades de montes en proxectos de aumento do aproveitamento e da resiliencia do monte fronte a riscos ambientais. M.1.5 Apoiar proxectos de cultivos ecolóxico, tradicionais ou outras fórmulas garantes da sostibilidade M.1.6 Apoiar proxectos que contribúan á redución de emisións M.1.7 Fomentar acordos entre empresas e propietarios agroforestais para compensación de pegada de Carbono M.1.8 Dinamizar os acordos de colaboración entre o sector primario e



				os sectores agroalimentario, turístico, cultural, investigador ou outros M.1.9 Implicar a comunidade local na xestión e coidado do monte e apoiar a capacidade xestora das xuntas veciñais M.1.10 Apoiar proxectos de cooperación entre entidades do territorio e outras entidades para aproveitar os recursos endóxeos.
LE2	Apoiar a consolidación do sector agroalimentario do territorio como garante do Pacto Verde europeo a través do desenvolvemento da Estratexia da Granxa á Mesa.	O sector agroalimentario está chamado á responsabilidade de liderar, agrupar e facer atractivo o sector primario a través das fórmulas de incentivo á transformación de comercialización do produto local, da implantación de procesos de bioeconomía circular e da colaboración intersectorial	OX2 OE5 OE7 OE8	M2.1 Apoio ás empresas agroalimentarias que implementen procesos de transformación das pequenas producións locais. M2.2 Apoio ás prácticas de economía circular e uso eficiente de recursos M2.3 Apoio ás alianzas de colaboración entre este sector, o primario e o consumo, particularmente o turismo e os servizos sociais e educativos do territorio. M.2.4 Apoio ás redes de loxística, distribución e fórmulas innovadoras de comerciaización M.2.5 Apoio as accións de promoción e marketing para dar a coñecer e promover os produtos agroalimentarios da comarca. M.2.6 Apoio ós desenvollos de novos ciclos de transformación de produto local e produtos de 5ª gama M.2.7 Apoio ás complementariedades como a participación do sector en servizos turísticos
LE3	Aposta comarcal integrada para facer do territorio do un destino turístico diferencial, destacando as potencialidades do turismo de espazos naturais, mediante o Ecoturismo	Poñer en valor a meirande rede de espazos protexidos de Galicia, con preto do 50% do territorio en Rede Natura e o 90% en Reserva da Biosfera. O Ecoturismo que promove o turismo de natureza dende o respecto ós valores naturais e ós modos de vida locais é o camiño para o	OX3 OE9 OE10 OE11	M3.1 Promover accións conxuntas de todos os concellos para crear imaxe de destino de turismo de natureza e ecoturismo M3.2 Apoiar as empresas para que se adhiran a clubs de produto de Ecoturismo ou marcas de calidade como Reserva da Biosfera M3.3 Apoiar a creación, mellora e consolidación de negocios de turismo activo, de aloxamento e de restauración concordantes ca promoción do produto local, dos saberes, modos de vida, cultura e paisaxe



		desenvolvemento sostible, apoiado nas novas tecnoloxías e na creación de oferta de servizos turísticos sostibles		M.3.4 Apoio ás infraestruturas creadas ou melloradas con criterios de sostibilidade turística, de orientación ó ecoturismo, de turismo adaptado á estratexia de loita contra o cambio Climático e os ODS M.3.5 Apoio a pequenos negocios negocios que respontan as tres preguntas do turismo: qué facer, onde comer e onde durmir, especificamente en lugares onde non existen ou pecharon. M.3.6 Apoio ás alianzas con outros sectores para desenvolver clubs de produto e actividade promocional. M.3.7 Apoio ó aproveitamento de recursos para diversificar produtos turísticos M.3.8 Apoio á incorporación das novas tecnoloxías e medidas de compensación de pegada de carbono e adaptación o cambio Climático na xestión turística M.3.9 Creación de eventos e actividades para crear imaxe de territorio de Ecoturismo tanto de cara ó tecido interno como cara ó exterior
LE4	Servizos innovadores: Innovación e redes de apoio, creación de sinerxias entre persoas, empresas, administracións e formas de agrupación da sociedade. Uso das novas tecnoloxías e datos para a xestión de negocios e plans	Apoio e fomento da innovación e servizos innovadores mediante a creación de redes territoriais, a colaboración entre empresas e institucións, o uso de tecnoloxías e análise de datos, o reforzo da Rede de Mulleres do Territorio, o fomento das Aldeas Intelixentes, a transmisión e posta en común de coñecemento, o apoio ás empresas e servizos para a poboación rural con foco na sustentabilidade e o cumprimento dos	OX4 OE12 OE13 OE14 OE15	M.4.1 Consolidar e fomentar a creación de redes territoriais e alianzas estratéxicas para concorrer a proxectos de desenvolvemento acordes ca estratexia, como Grupos Operativos, xeodestino e outros. M.4.2 Apoiar as empresas e entidades que implementen servizos innovadores, solucións tecnolóxicas e a análise de datos como unha variable dos seus negocios, plans e programas M.4.3 Apoiar os espazos de encontro e colaboración entre persoas, empresas e institucións M.4.5 Fortalecer a Rede de mulleres do territorio como espazo de intercambio de ideas e networking . M.4.6 Promover o concepto de SMART villages (aldeas intelixentes) apoiando o uso eficiente das tecnoloxías, a sustentabilidade ambiental, a diversificación económica



		Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030, e o apoio ao relevo xeracional nas empresas tradicionais.		e a mellora da calidade de vida e benestar dos habitantes M.4.7 Traballar e difundir o efecto multiplicador da participación sobre a que se articula a EDLP, fomentando a transmisión e posta en común de coñecemento entre axentes territoriais M.4.8 Apoio a empresas e ofertas de servizos para a poboación rural, orientados a aproveitamento de recursos para actividades sostibles e cumprimento dos ODS- Axenda 2030, como as fórmulas de aproveitamento de enerxías renovables M.4.9 Apoio a relevos xeracionais en negocios tradicionais, que xeren novos empregos baseados na innovación e na sustentabilidade. M.4.10 Apoiar a implantación de sistemas de colaboración abertos, baseados en tecnoloxías SIX accesibles para identificar recursos como terra abandonada, recursos turísticos, vivendas, etc
LE5	Impulsar empresas e servizos para o medio rural, mellorando o benestar e a calidade de vida dos habitantes. Fomentar a diversificación económica e medidas de coidado de persoas vulnerables	Mellorar o benestar e a calidade de vida. Apoiar novas empresas e ofertas de servizos para a poboación rural, ampliar e mellorar a oferta de servizos de integración e apoio á diversificación económica e mantemento do emprego no rural. Habilitar espazos de coidado e acollida para persoas desfavorecidas, e espazos de envellecemento no rural.	OX5 OE16	M.5.1 Apoio á creación e consolidación de oferta de servizos para a poboación rural. M.5.2 Apoio á creación de servizos e espazos de acollemento e integración de persoas desfavorecidas. M.5.3. Apoio á creación de espazos e servizos para facilitar o envellecemento activo no rural. M.5.4 Apoiar medidas de integración social das persoas desfavorecidas e participación destas persoas na vida social e comunitaria
LE6	Loita contra a despoboación rural a través da mellora da oferta de vivendas, espazos de traballo colaborativos, aproveitamento do patrimonio cultural e etnográfico e	Promover a loita contra a despoboación orientando e apoiando medidas de mellora da oferta de vivendas, espazos de traballo colaborativos, aproveitamento do	OX6 OE17 OE18 OE19	M.6.1 Proxectos de apoio á dispoñibilidade de oferta de vivendas no territorio rural. M.6.2 Apoio á rehabilitación de espazos para a relación veciñal e comunitaria M.6.3 Apoio a proxectos de recuperación de patrimonio cultural e



	rehabilitación das aldeas.	patrimonio cultural e etnográfico e rehabilitación das aldeas, rehabilitación de espazos para a relación veciñal, apoio ós establecementos de economía social en pobos pequenos e fórmulas innovadoras de traballo e residencia no rural.		etnográfico para usos tradicionais e novos usos M.6.4 Apoio a espazos de traballo conxunto como obradoiros compartidos M.6.5 Apoio ós establecementos de hostalería, restauración e pequeno comercio como entidades de economía social en pobos de menos de 200 habitantes, particularmente cando rehabiliten patrimonio etnográfico M.6.7 apoiar fórmulas innovadoras de traballo e residencia no rural, coworking, coliving, nómadas dixitais e outras
LE7	Formación e capacitación para liderar a innovación, acceso a financiamento e dinamización territorial no GDR, potenciando o aproveitamento de recursos e a posta en valor dos sectores de actividade, promovendo a innovación e asesorando na xestión da terra, e difundindo o coñecemento.	A formación e capacitación do GDR para liderar a innovación, o acceso a financiamento e a dinamización territorial é fundamental para potenciar o aproveitamento de recursos e valorizar os sectores de actividade. Ademais o GDR debe asesorar en ferramentas de mobilidade e xestión de propiedades privadas e comunais; formación en oficios tradicionais e novas tecnoloxías. Promover a participación activa nas redes de colaboración e intercambio de coñecemento e experiencias.	OX7 OE20 OE21 OE22 OE23	M.7.1 Apoio á adquisición de capacidades do GDR para liderar a innovación e o acceso a recursos para o desenvolvemento territorial M.7.2 Promover a participación do GDR e, axentes territoriais con capacidade de arrastre, nas redes e plataformas de cooperación, colaboración, intercambio de coñecemento experiencias e boas prácticas. M.7.3 Aplicar os mecanismos dos AKIs de coñecemento dende a gobernanza e a participación efectiva dos axentes do territorio, para crear eventos e espazos de colaboración e aprendizaxe nos sectores estratéxicos do territorio M.7.4 Desenvolver programas de formación en oficios tradicionais e novos, que aborden necesidades a cubrir no territorio M.7.5 Proporcionar formación para potenciar o aproveitamento de recursos e a mellora dos diferentes sectores de actividade M.7.6 Promover o uso das novas tecnoloxías para adquirir formación e difundir coñecemento M.7.7 Asesorar e orientar para promover e facilitar o uso das ferramentas de mobilidade e xestión de terra



				M.7.8 Asesorar e apoiar a propietarios na xestión das propiedades privadas e comunais M.7.9 Asesorar as entidades e empresas para aproveitar os recursos turísticos e implantar a sostibilidade dende o enfoque do ecoturismo
--	--	--	--	---

I.2. Proxectos e accións específicas con impacto significativo

Recóllense na seguinte táboa un conxunto de proxectos con capacidade de arrastre que se considera que poden ter un impacto significativo á hora de aproveitar as potencialidades e dar resposta ás necesidades detectadas. Son proxectos que poden promover o fortalecemento das comunidades veciñais dos pobos, mellorar a calidade de vida, promover a diversificación económica e estimular a busca de solucións innovadoras

Táboa 5. Proxectos e accións específicas con impacto significativo

	Proxecto / Acción específica	Obxectivo xeral/ específico ao que responde	Liña estratéxica na que se enmarca	Tipo de proxecto ou acción (*)	Produtivo / Non produtivo (**)	Descrición (***)
P1	Creación de redes territoriais e alianzas estratéxicas	OE4 OE12	LE4	(A) (C)	NP	O proxecto supón un reforzo dos servizos que ven levando a cabo o GDR como ente dinamizador das redes de traballo. Reforzamento da rede de mulleres do territorio; reforzamento das redes de innovación territoriais como o GO Gayas, ou da rede de espazos turísticos singulares entre concellos. Consolidación de redes intraterritoriais, como Grupos de Traballo entre GDRs ou cooperación
P2	Programa de apoio á dispoñibilidade oferta de vivenda, fincas e negocios	OX 6 OE18	LE6	(A)	NP P	O proxecto buscará animar e incentivar a posta en aluguer de vivendas baleiras. Desenvolverase como unha plataforma colaborativa na que se poidan localizar e describir as ofertas existentes. Ven a desenvolver o Banco de casas, fincas e negocios iniciado dende o GDR
P3	Programa de apoio á recuperación de terra de boa aptitude agraria para produción de alimentos e revitalización das aldeas	OX1,OX2 OE1 OE2 OE3 OE4 OE5 OE6,OE7 OE8	LE1 LE2	(A) (C)	NP P	Incentivar o emprego dos instrumentos da LRTAG. Animar as producións de autoconsumo a converterse en producións para a industria agroalimentaria e o turismo recuperando as fincas dos entornos das casas.



						Reforzamento dun proxecto de animación iniciado en 2022. Consolidación do proxecto de cooperación de Ecocomedores. Consolidación de Grupo de traballo entre GDRs sobre mobilidade de terras agrarias
P4	Programa de apoio á recuperación dos elementos etnográficos e da diversidade do monte. Diversificación de usos dos ben etnográficos cara servizos sociais, turísticos, culturais, etc	OX1 OX6 OE3 OE6 OE17	LE1 LE6	(A) (C)	NP P	Apoiar proxectos de recuperación da bioeconomía do monte para recuperar patrimonio como o ciclo do centeo e os teitos de palla. Consolidación do proxecto de cooperación Son de Monte e de proxectos de animación e colaboración con asociacións como o de Teitos de Piornedo. Realización de estudos para avaliar o potencial dos bens etnográficos para usos distintos ós orixinais.
P5	Certificación do territorio como destino de Ecoturismo	OX3 OX7 OE9 OE10 OE11	LE3 LE7	(A) (C)	NP	Apoiar a diferenciación do territorio en base a un dos potenciais que o distinguen que é a elevada % en Rede Natura e Reserva da Biosfera. Consolidará o papel do GDR como xestor do xodestino turístico e a certificación do territorio na Asociación Española de Ecoturismo, co impulso á certificación de empresa e adopción do modelo de ecoturismo.
P6	Programa de capacitación do GDR e dos axentes locais	OX7 OE20, OE21 OE22 OE23	LE7	(A) (C)	NP	Capacitar o GDR como axente capaz de liderar a innovación e os grupos de captación de recursos para o territorio. Capacitar a axentes locais en redes de apoio, novas tecnoloxías, oficios tradicionais e redes de colaboración.



I.3. Actuacións propias de animación a realizar polo grupo

Táboa 6. Programación das actuacións propias de animación a realizar polo grupo

	Actuación	Contido das actividades previstas (destinatarios, recursos utilizados, formatos e canles, ...)
A1	Xestión Xeodestino Ancares-Terras de Burón	Concellos do territorio/ fondos de animación e convenio dos concellos/páxina web, rrss folletos físicos QR
A2	Presencia informativa e de promoción de recursos locais en feiras e eventos do territorio	Entidades do territorio/fondos de animación/ stand, páxina web, rrss, panfletos
A3	Apoio e presenza en actividades organizadas por membros do GDR (concellos, asociacións, cooperativas)	Entidades do territorio/fondos de animación/, páxina web, rrss, panfletos
A4	Interlocución con axentes para captación de fondos para o territorio. Como os xa iniciados en colaboración ca Fegamp de territorio rural intelixente ou experiencias Turismo España	Xunta de Galicia, Unión Europea, Goberno de España, Deputación de Lugo, FEGAMP / convenios de colaboración / medios humanos e técnicos do GDR
A5	Proxectos de Innovación que poidan ser de interese para o territorio, como os Grupos Operativos apoiados	Innovación en sector agrario, turístico, forestal/ fondos de animación, medios humanos e técnicos do GDR
A6	Organización de eventos promocionais de produtos, de cultura, de medioambiente, xornadas temáticas, obradoiros e calquera evento de interese para o territorio como Feira do mel ou xornadas de ecoturismo, de proxectos labregos, etc	Axentes territoriais en xeral//fondos de animación/, páxina web, rrss, panfletos
A7	Estudos e publicacións como a actualización da rede de micropaisaxes ou abrir un inventario de vivendas mediante aportacións colaborativas en sistemas de información xeográfica abertos	Concellos do territorio, axentes, publico en xeral/fondos de animación/, páxina web, rrss, panfletos



I.4. Plan de formación do GDR

Este plan de formación permitirá adaptar a oferta formativa ás necesidades específicas do mercado laboral do territorio, ofrecendo cursos en sectores estratéxicos e garantindo a calidade da formación impartida mediante a selección axeitada do persoal formador e do alumnado.

I.4.1 Diagnose do mercado laboral do territorio e relación coa estratexia do GDR

- A primeira necesidade detectada durante a fase participativa da EDLP é que o GDR, entendido como a suma do equipo técnico, directiva, Asemblea e mesas, se consolide como entidade capaz de asesorar e liderar en innovación, a captación de fondos e o establecemento de sinerxías e fomento das alianzas locais. En base a esta identificación de necesidade defínense tres liñas formativas xerais que deben estar abertas durante todo o período, xa que delas depende estar ó tanto das oportunidades para innovar, desenvolver proxectos e liderar as redes de apoio no territorio e con outros territorios.
- O análise e diagnóstico do mercado laboral no territorio deu como resultado que se articula entorno a tres sectores estratéxicos, o sector primario, o sector agroalimentario e o sector turístico; en todos os sectores é común a necesidade de implantar as novas tecnoloxías e traballar con elas. En función desta necesidade planifícase a formación continua para entidades e empresas do territorio
- Hai oficios tradicionais que son un recurso de gran potencial para crear postos de traballo de interese para persoas novas e mesmo pequenas empresas moi rendibles, tales como as técnicas dos teitos de palla, da cantería e carpintería tradicional e oficios de uso das materias primas e recursos tracionais (muiñeiros, zoqueiros, cesteiros, panadeiros, etc)
- E moi necesario apoiar as redes de colaboración entre empresas, tanto dentro dun sector como entre sectores. Esta formación deberá estar aberta durante todo o período para consolidar as redes de cooperación empresarial, e ha de servir para impulsar sementes como a xurdida durante a fase participativa de Rede de mulleres do territorio.
- O territorio ten un forte potencial para desenvolver o ecoturismo polo que é necesario proporcionar a todo o tecido produtivo e asociativo as ferramentas para coñecer as oportunidades que abre e aprobeitalo; non solo a empresas do sector turístico, senón a outras como as pequenas granxas que poden ofertar experiencias de ecoturismo .
- O territorio ten un forte potencial de crecemento do sector primario a través da diversificación, da prestación de servizos ecosistémicos, das actividades concordantes co Pacto Verde europeo, da posta en valor de terras



abandonadas de boa aptitude agraria e da xestión dos montes con actividades silvícolas e pastorais que os fagan mais resilientes a catástrofes.

- Segundo informe do Ine publicado a 30 de xuño de 2023 este é o territorio cun meirande número de vivendas baleiras por concello. Varios concellos superan o 50% de vivendas baleiras, con algúns que superan o 70% polo que é necesaria unha acción formativa e informativa sobre oportunidades para aproveitar estas vivendas.
- Selección, a partir desa diagnose, dos sectores prioritarios aos que se dirixirán as actividades formativas do GDR.
- Relación desas actividades formativas cos obxectivos e liñas estratéxicas da Estratexia de desenvolvemento local.

I.4.2 Plan de formación

Táboa 7. Plan de formación

Actividade formativa (*)	Xustificación (**)	Formato	Duración	Requisitos alumnado	Requisitos persoal formador
Sector: (identificación do sector ao que van dirixidas as actividades formativas)					
F1. Liderazgo e innovación territorial	Capacitar equipo técnico,persoal, equipo directivo do GDR e membros da Asamblea. en habilidades de liderazgo e innovación para impulsar o desenvolvemento territorial.	Bloques formativos de curta duración de 4 a 10 horas	Formación continua durante todo o periodo	Pertencer ó equipo técnico, directiva, asemblea ou mesas sectoriais do GDR	Persoas expertas en Estratexias de liderado, xestión do cambio, fomento da innovación e identificación de oportunidades de desenvolvemento.
F2. Acceso a financiamento para proxectos territoriais	Capacitar equipo técnico e persoal directivo do GDR na identificación e xestión de recursos financeiros para financiar proxectos territoriais.	Bloques formativos de curta duración de 4 a 10 horas	Formación continua durante todo o periodo	Pertencer ó equipo técnico, directiva, asemblea ou mesas sectoriais do GDR	Persoas expertas en Fontes de financiamento, elaboración de proxectos, xestión de axudas e subvencións, seguimento e avaliación económica.
F3. Dinamización Territorial e Participación Cidadá	Desenvolver competencias de dinamización territorial e fomento da participación cidadá no GDR	Bloques formativos de curta duración de 4 a 10 horas	Formación continua durante todo o período	Pertencer ó equipo técnico, directiva, asemblea ou mesas sectoriais do GDR	Persoas expertas en Técnicas de dinamización, creación de redes e alianzas, participación cidadá, xestión de conflitos



F4. Formación en Novas Tecnoloxías para o Desenvolvemento Territorial:	Capacitar ao persoal do GDR de entidades e empresas no uso de datos e aplicación de novas tecnoloxías para o desenvolvemento territorial e o desempeño do traballo nos negocios	Bloques formativos de curta duración de 4 a 10 horas	Formación continua durante todo o período	Abertos a empresas e entidades. Accións específicas e adaptadas a cada sector de negocios. Accións para fomentar o uso de SIX abertos e colaborar identificando recursos	Persoas expertas en TICs, plataformas dixitais, análise de datos, xestión de información xeorreferenciada e usos de ferramentas específicas para negocios.
F5. Formación para a recuperación de Oficios Tradicionais	Capacitar aos participantes na recuperación e desenvolvemento de oficios tradicionais do territorio.	Bloques formativos curtos de descuberta do oficio. Bloques formativos de duración adaptada a sentar as bases do oficio	Formación a desenvolver durante todo o período	Aberta a persoas interesadas	Persoas expertas en técnicas e prácticas dos oficios tradicionais, historia e valorización do patrimonio cultural, innovación nos oficios tradicionais.
F.6 Formación en técnicas de colaboración empresarial e Redes de Cooperación	Fomentar a colaboración entre as empresas do territorio e crear redes de cooperación para potenciar o desenvolvemento económico local.	Bloques formativos de curta duración de 4 a 10 horas	Formación continua durante todo o período	Abertos a empresas e entidades. Accións específicas e adaptadas á colaboración intrasectorial e intersectorial .	Persoas expertas en Estratexias de colaboración empresarial, creación de redes de cooperación, xestión de proxectos colaborativos, intercambio de recursos e coñecementos.
F7. Formación para a diversificación e Valorización do Sector Primario no Territorio	Este curso ten como obxectivo proporcionar aos participantes as habilidades e coñecementos necesarios para aproveitar o potencial de crecemento do sector primario no territorio, a través da diversificación de actividades, prestación de servizos ecosistémicos, cumprimento dos obxectivos do Pacto Verde europeo, posta en valor de terras abandonadas e	Bloques formativos de curta duración de 4 a 10 horas A Formación combinará sesións teóricas, estudos de caso e visitas de campo para observar in situ as boas prácticas e exemplos	Formación continua durante todo o período	Abertos a empresas e entidades de todo o territorio	Persoas expertas nas temáticas de diversificación, mobilidade, xestión de proxectos, posta en valor e uso sostible de recursos e



	xestión sostible dos montes.				
F8. Programa de capacitación para o apoio á recuperación de vivendas	Formar ás persoas propietarias sobre as distintas posibilidades que teñen de dar saída ás vivendas baleiras.	Píldoras formativas de 2 a 4 horas de formación Visitas a experiencias no territorio e fóra do territorio	Formación continua durante todo o período	Abertos a Concellos, peroas propietarias e titulares de vivendas de todo o territorio	Persoas expertas en soporte legal, programas de rehabilitación, técnicas de bioconstrucción, clasificación de vivendas turísticas.
Sector: (identificación do sector ao que van dirixidas as actividades formativas)					
F1.	Dirixida particularmente ó sector asociativo territorial, vinculado ó GDR				
F2.	Dirixida particularmente ó sector asociativo territorial, vinculado ó GDR				
F3.	Dirixida particularmente ó sector asociativo territorial, economía social				
F4.	Novas tecnoloxías é intersectorial				
F5.	Dirixida particularmente ós oficios tradicionais				
F6.	Dirixido particularmente a economía social e empresas				
F7.	Dirixida particularmente ó sector primario				
F8.	Dirixida particularmente ás persoas propietarias e titulares de vivendas				

1.5. Plan de cooperación e traballo en rede con outros GDR e entidades

Recoller aquí o plan de cooperación e traballo en rede con outros GDR e entidades, no que se especifiquen os seguintes aspectos:

- Sinerxías identificadas con outros GDR ou territorios.
- Fórmulas de colaboración futuras, mediante proxectos de cooperación ou outras formas de colaboración.
- Accións concretas a desenvolver.

Táboa 8. Plan de cooperación e traballo en rede

Actividade de cooperación (*)	GDR ou entidades (**)	Obxectivos da cooperación	Forma de colaboración (***)	Accións concretas
C1. Son de Monte	Proxecto de cooperación coordinado polo GDR10 Limia Arnoia	Difundir a cultura, os saberes e os usos de monte	Proxecto de cooperación	-Valorización de producións do monte -Recuperación das terras de cultivos no monte para palla de teitos -O monte para usos culturais, recreativos, producións



				alimentarias, compensación de pegada de Carbono
C2. Rede Eco-comedores	Proxecto de cooperación coordinado polo GDR Mariñas Betanzos	Animar o consumo de produtos ecolóxicos, de temporada e proximidade en comedores escolares e colectivos	Proxecto de cooperación	- Promocionar os produtos locais, facilitando a comercialización en circuitos curtos -Animar a confección de menús escolares con produto local de temporada
C3. Enoturismo nas IXP de viños de Galicia	Proxecto de cooperación coordinado polo GDR Pontevedra Morrazo	Fomento do enoturismo nas IXP vitícolas de Galicia e dar a coñecer os seus viños.	Proxecto de cooperación	- Promover e consolidar os Itinerarios enoturísticos - Combinar as potencialidades da industria do viño e do turismo -Apoiar a recuperación de terras de aptitude vitivinícola
C4. Mellora da estrutura da terra agraria mediante permutas voluntarias	Proxecto de cooperación coordinado polo GDR Comarca de Lugo	Fomentar as permutas de terras para mellorar a base territorial das explotacións	Proxecto de cooperación	-Animación ás permutas voluntarias de terra -Facilitación dos trámites administrativos e rexistrals
C5. Grupo de Traballo de Auga enerxía, cambio climático e innovación ambiental	Grupo de traballo coordinado polo GDr Limia Arnoia	Xestión da auga e enerxía como factores limitantes no desenvolvemento	Proxecto de Grupo de traballo temático	Accións de interese no GDR3: -Comunidades Enerxéticas -Xestión de auga potable en rutas e Camiños de peregrinaxe
C6. Grupo de Traballo de recuperación da terras agrarias e ferramentas para a xestión do territorio	Grupo de traballo coordinado polo GDR Condado Paradanta	A LRTAG debe ser unha oportunidade para xerar novas actividades produtivas no sector primario e artellar fórmulas de convivencia entre	Proxecto de Grupo de traballo temático	Accións de interese no GDR3: -Aplicación dos instrumentos da LRTAG



		estas e os residentes dos territorio favorecendo a transición ecolóxica dos territorios.		
C7. Grupo de Traballo de produtos agroalimentarios e potenciación do sector agropecuario	Grupo de traballo coordinado polo GDR Seitura 22	Implementación da Estratexia da Granxa a Mesa. Sist. Alimentarios Sostibles. Ecocomedores.	Proxecto de Grupo de traballo temático	Accións de interese no GDR3: -Estratexia da Granxa á mesa -Sistemas alimentarios sostibles -Consumo de proximidade
C8. Grupo de Traballo de Turismo sostible en zonas rurais	Grupo de traballo coordinado polo GDR Montes e Vales Orientais	Traballar a sostibilidade turística nas zonas rurais dende o enfoque social, económico e ambiental.s.	Proxecto de Grupo de traballo temático	Accións de interese no GDR3: Desenvolvemento do Ecoturismo agroturismo e turismo de natureza -crear experiencias sostibles
C9. Traballo en rede Rural Talent, Revolta Rural	Grupo de traballo en rede cos GDRs de A Mariña e Seitura e Caixabank Obra social	Coordinación en rede para impulsar o talento rural	Proxecto de traballo en rede	Accións de interese no GDR3: -Impulsar proxectos innovadores de talento rural
C10. Traballo en rede co GDR de A Mariña	Grupo de traballo en rede entre o GDR Montes e Vales e o GDr Terras de Miranda	Os dous GDR teñen unha relación habitual de cooperación e traballo en rede e identificáronse novas oportunidades a través de proxectos que afectan a ambos territorios	Proxecto de traballo en rede	-Apicultura, os museos apícolas de Negueira de Muñiz e Valadouro manteñen unha cooperación e con eles deseñouse un encontro con apicultores polacos. -Turismo mineiro xeolóxico. Aproveitar a circunstancia de que o concello de A Pontenova pertence o GDR



				da montaña e turísticamente á mariña polo que se pode consolidar como enlace do turismo xeolóxico mar-montaña
C.11 Grupos operativos	Grupo de apoio á innovación con axentes do territorio e do suroccidente asturiano	Desenvolvemento de recursos alimentarios de 5ª gama co produto local e vinculación ó potencial turístico	Traballo en rede	-consolidación de novas fórmulas de innovación
C.12 Grupo de colaboración interautonómica para a loita contra a despoboación	Traballo en rede Integración na Plataforma Volver al pueblo e colaboración ca Fundación Edes, Coceder, Fundación Parque Histórico do Navia e Gal Navia Porcía	Desenvolvemento de estratexias para abordar o problema da despoboación no territorio da montaña oriental de Lugo e no suroccidente asturiano	Proxecto de traballo en rede	-consolidar estratexias de loita contra a despoboación a través do aprendizaxe de modos de afrontar o problema noutros lugares
C.13 Coordinaciónn cas tres RB do territorio	Traballo en rede Deputación de Lugo, Gal Oscos Eo, o concello de Vegadeo e outros da RB	Colaboración para programar actividades nas RB, e para impulsar a colaboración ca RB Oscos Eo Terras de Burón	Proxecto de traballo en rede	-consolidar as marcas RB para os produtos locais e promover proxectos de desenvolvemento sostible
C.14 Impulso a proxectos comúns con Asturias	Traballo en rede cos concellos da Senda do Navia	Programación de encontros e actividades para impulsar a ruta interautonómica da Gran Senda do Navia	Proxecto de traballo en rede	-Impulsar o proxecto da Gran Senda do Navia e outras colaboracións entre os municipios
C.15 Impulso ó ecoturismo	Traballo en rede Asociación española de ecoturismo	Impulsar a certificación do territorio como destino de ecoturismo	Proxecto de traballo en rede	-Diferenciar o territorio como destino de ecoturismo baseado nos seus valores naturais e rede de espazos protexidos.



I.6. Planificación temporal

Planificación temporal preliminar, por semestres, para a execución dos proxectos e accións recollidos nos apartados I.2 a I.5 (táboas 5, 6, 7, 8).

Táboa 9. Planificación temporal dos proxectos e actividades

Proxectos/ actividades	Semestres (*)													
	23 1S	23 2S	24 1S	24 2S	25 1S	25 2S	26 1S	26 2S	27 1S	27 2S	28 1S	28 2S	29 1S	29 2S
<i>Proxectos e accións específicas con impacto significativo</i>														
P1 Creación de redes territoriais e alianzas estratéxicas														
P2 Programa de apoio á dispoñibilidade oferta de vivenda, fincas e negocios														
P3 Programa de apoio á recuperación de terra de boa aptitude agraria para produción de alimentos e revitalización das aldeas														
P4 Programa de apoio á recuperación dos elementos etnográficos e da diversidade do monte. Diversificación de usos dos ben etnográficos cara servizos sociais, turísticos, culturais, etc														
P5 Certificación do territorio como destino de Ecoturismo														
P6 Programa de capacitación do GDR e dos axentes locais														
Actuacións propias de animación														
A1 Xestión Xeodestino Ancares-Terras de Burón														
A2 Presencia informativa e de promoción de recursos locais en feiras e eventos do territorio														
A3 Apoio e presenza en actividades organizadas por membros do GDR (concellos, asociacións, cooperativas)														
A4 Interlocución con axentes para captación de fondos para o territorio. Como os xa iniciados en colaboración ca Fegamp de territorio rural intelixente ou experiencias Turismo España														
A5 Proxectos de Innovación que poidan ser de interese para o territorio, como os Grupos Operativos apoiados														
A6 Organización de eventos promocionais de produtos, de cultura, de medioambiente, xornadas temáticas, obradoiros e calquera evento de interese para o territorio como Feira do mel ou xornadas de ecoturismo, de proxectos labregos, etc														
A7 Estudos e publicacións como a actualización da rede de micropaisaxes ou abrir un inventario de vivendas mediante aportacións colaborativas en sistemas de información xeográfica abertos														
Actividades formativas														
F1 Liderazgo e innovación territorial														



F2 Acceso a financiamento para proxectos territoriais															
F3 Dinamización Territorial e Participación Cidadá															
F4 Formación en Novas Tecnoloxías para o Desenvolvemento Territorial:															
F5. Formación na recuperación de Oficios Tradicionais															
F.6 Formación en fórmulas de colaboración Empresarial e Redes de Cooperación															
F7. Formación para a diversificación e Valorización do Sector Primario no Territorio															
F8. Programa de capacitación para a recuperación de vivendas															
Actividades de cooperación															
C1 Son de Monte															
C2 Rede Eco-comedores															
C3 Enoturismo nas IXP de viños de Galicia															
C4. Mellora da estrutura da terra agraria mediante permutas voluntarias															
C5. Grupo de Traballo de Auga enerxía, cambio climático e innovación ambiental															
C6. Grupo de Traballo de recuperación da terras agrarias e ferramentas para a xestión do territorio															
C7. Grupo de Traballo de produtos agroalimentarios e potenciación do sector agropecuario															
C8. Grupo de Traballo de Turismo sostible en zonas rurais															
C9. Traballo en rede Rural Talent, Revolta Rural															
C10. Traballo en rede co GDR de A Mariña															
C.11 Grupos operativos															
C.12 Grupo de colaboración interautonómica para a loita contra a despoboación															
C.13 Coordinaciónn cas tres RB do territorio															
C.14 Impulso a proxectos comúns con Asturias															
C.15 Impulso ó ecoturismo															



I.7 indicadores de avaliación

Introducción

A metodoloxía Help Desk é un enfoque utilizado para a avaliación do desenvolvemento rural, que busca proporcionar unha orientación e apoio práctico para a identificación e selección de indicadores axeitados para medir o progreso e os resultados das accións implementadas nun proxecto. O obxectivo principal desta metodoloxía é facilitar a recompilación de datos e a avaliación do impacto das intervencións da EDLP que se plantexa para o desenvolvemento rural do territorio do GDR3.

No caso específico dos indicadores seleccionados foron escollidos tendo en conta os obxectivos xerais e estratéxicos establecidos e as liñas de accións propostas, así como os proxectos prioritarios. Cada indicador foi deseñado para medir un aspecto específico contribuíndo ó conxunto da avaliación do progreso e impacto do conxunto da estratexia.

Os indicadores seleccionados abranguen diferentes ámbitos, como a promoción da innovación, o aproveitamento de recursos nos sectores estratéxicos, a formación e capacitación, a dinamización territorial, o apoio ás empresas e emprendedores, a recuperación do patrimonio cultural e natural, a colaboración empresarial, a loita contra a despoboación, entre outros. Estes indicadores deseñanse para proporcionar unha visión integral do desenvolvemento da estratexia

A selección destes indicadores baséase na súa relevancia para medir o impacto e evolución das accións de desenvolvemento recollidas na estratexia. Cada indicador debe ser mensurable, específico, axeitado, relevante e temporalmente definido (SMART), asegurando así a súa efectividade na avaliación e seguimento.

Descrición da metodoloxía de indicadores

A metodoloxía Help Desk segue unha serie de pasos e criterios para asegurar a adecuación dos indicadores seleccionados. Os pasos principais da metodoloxía que se terán en conta son os seguintes:

1. Definición dos obxectivos: Na Estratexia establecéronse os obxectivos de desenvolvemento rural. Estes obxectivos, agrupados en xerais e específicos, compren o check SMART mensurables, alcanzables, relevantes e temporalmente definidos.
2. Identificación dos aspectos clave: Identificáronse os aspectos clave que se deben medir para determinar o progreso e impacto da estratexia.



3. Selección de indicadores: Seleccionouse un cadro de indicadores axeitados en función dos obxectivos e aspectos clave identificados. Estes indicadores son coherentes cos obxectivos con capacidade de medir de os resultados.
4. Definición dos parámetros dos indicadores: Establécense os parámetros e criterios para cada indicador, incluíndo a fonte de datos, a frecuencia de recompilación, as unidades de medida e os valores de referencia para a comparación e a avaliación.
5. Recompilación de datos: Recolleranse os datos necesarios para calcular os indicadores seleccionados. Estes datos poden proceder de fontes internas do proxecto, como informes e bases de datos, ou de fontes externas, como estatísticas oficiais ou estudos de campo
6. Análise e interpretación dos resultados: Analizar os datos recompilados e interpretar os resultados dos indicadores. Comparar os resultados coas metas establecidas e avaliar o progreso e o impacto do proxecto..
7. Informe e comunicación dos resultados: Elaborar informes que presenten os resultados da avaliación. Comunicar os resultados aos actores relevantes na implementación da estratexia

A metodoloxía Help Desk busca asegurar que os indicadores seleccionados sexan relevantes, válidos, fiables e útiles para a avaliación da estratexia de desenvolvemento rural, por tanto introduce un proceso de mellora que segue unha serie de pasos para garantir que os indicadores seleccionados son axeitados e eficaces en todo momento. Este proceso de mellora está enfocado na revisión e adaptación dos indicadores existentes para asegurar a súa calidade e relevancia durante todo o período de aplicación da Estratexia.

Os pasos principais deste proceso son os seguintes:

1. Avaliación dos indicadores existentes: Inicialmente, realizarase unha avaliación dos indicadores previstos na EDLP. Analizaranse os seus resultados, a súa relevancia, a súa capacidade de medir os obxectivos desexados e a súa adecuación ás necesidades actuais.
2. Identificación de áreas de mellora: Baseándose na avaliación dos indicadores definidos, identificaranse as áreas nas que se require unha mellora. Pode ser necesario modificar, substituír ou engadir novos indicadores para cubrir aspectos relevantes que non se están a medir adecuadamente.
3. Selección de novos indicadores: Seleccionan os novos indicadores que se axusten ás áreas de mellora identificadas. Estes novos indicadores deben ser coherentes cos obxectivos da estratexia e ter a



capacidade de proporcionar información valiosa sobre o seu progreso e impacto.

4. Definición de parámetros e criterios: Definíranse os parámetros e criterios para cada novo indicador seleccionado. Estes parámetros incluírán a fonte de datos, a frecuencia de recompilación, as unidades de medida e os valores de referencia para a comparación e a avaliación.
5. Implementación dos novos indicadores: Os novos indicadores seleccionados serán implementados na avaliación da estratexia de desenvolvemento rural.
6. Monitorización e avaliación continua: Realízase unha avaliación dos novos indicadores implementados e o seu funcionamento e contribución á medición do conxunto de resultados da estratexia.
7. Retroalimentación e axustes: Con base nos resultados da monitorización e avaliación, realizaranse axustes nos indicadores, se é necesario. Así desenvólvese un proceso continuo de mellorar a calidade dos indicadores e asegurar que están actualizados e serven para proporcionar información relevante e útil.

Cadro de indicadores iniciais

Estes indicadores, suporán unha visión de conxunto do estado xeral de evolución da estratexia e do impacto que está a ter no territorio. As fontes de datos serán os indicadores cualitativos e cuantitativos establecidos para cada unha das liñas de acción

Táboa 10. Cadro de indicadores iniciais

I1	Porcentaxe de terras de aptitude agraria mobilizadas para as explotacións profesionais e actividades complementarias.
I2	Número de redes territoriais e alianzas estratéxicas creadas e participación en proxectos de desenvolvemento.
I3	Número de empresas e entidades apoiadas na implementación de servizos innovadores e solucións tecnolóxicas.
I4	Nivel de cobertura do territorio con eventos e espazos de encontro e colaboración entre persoas, empresas e institucións.
I5	Nivel de implicación nas iniciativas e actividades promovidas para o intercambio de coñecementos e experiencias entre axentes territoriais.
I6	Grado de penetración no territorio da Rede de mulleres do territorio e actividades realizadas para o intercambio de ideas e networking.
I7	Incremento do mercado de vivendas dispoñibles para o seu aluguer ou venda no territorio rural. Mellora do nivel de dinamismo do mercado de vivenda dispoñible.
I8	Nivel de mellora da habitabilidade das aldeas , en función dos espazos de relación veciñal dispoñibles.
I9	Impacto das medidas na recuperación do patrimonio cultural e etnográfico. Eficacia da



	rehabilitación de patrimonio para novos usos.
I10	Porcentaxe de demanda de vivenda satisfeita /insatisfeita para persoas interesadas en vivir e traballar no territorio.
I11	Capacidade do GDR para establecer alianzas estratéxicas consolidadas para concorrer a proxectos de desenvolvemento.
I12	Percepción do liderado do GDR para promover a innovación territorial
I13	Nivel de acollemento entre empresas e entidades das medidas de apoio á implementación de servizos innovadores, solucións tecnolóxicas e análise de datos.
I14	Nivel de eficacia na colaboración e aprendizaxe conxunto entre os sectores estratéxicos do territorio.
I15	Valoración do papel do GDR na difusión e posta en común de coñecemento entre axentes territoriais.
I16	Nivel de coñecemento e aplicación de documentos estratéxicos como os ODS- Axenda 2030, Pacto Verde Europeo, Instrumentos da Lei de Mobilidade de Terra Agraria, Estratexia de biodiversidade ou Estratexia de Turismo sostible.
I17	Nivel de acollida do Bono Activa Rural e resultado do mesmo nos relevos xeracionais en negocios tradicionais que xeran novos empregos baseados na innovación e sustentabilidade e na creación de novos negocios necesarios para o rural.
I18	Nivel de incremento da capacitación do equipo técnico e membros da Directiva e Asemblea do GDR para liderar a innovación e acceder a recursos para o desenvolvemento territorial.
I19	Nivel de incremento do interese en formarse en oficios tradicionais e novas profesións para cubrir necesidades do territorio.
I20	Nivel de cobertura dos diferentes sectores de actividade con accións de formación para o aproveitamento de recursos.
I21	Análise da mellora do nivel de resiliencia do monte fronte a catástrofes gracias ó asesoramento para a xestión de propiedades privadas e comunais.
I22	Nivel de implementación do ecoturismo no territorio e implicación dos axentes sectoriais no aproveitamento de recursos turísticos e na implantación da sostibilidade dende o enfoque do ecoturismo.

Este cadro de indicadores de avaliación do impacto da EDLP no territorio do GDR3 é o definido inicialmente. Como se expuxo na metodoloxía, estarán suxeitos ó proceso de mellora continua de tal xeito que evolucionarán ó longo do período de aplicación da EDLP.

I.8 Normas de xestión

A resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, establece as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do Programa Leader.

Por outra banda a xestión do programa Leader contará ca aplicación informática que ten o seu cadro de normas.

En canto a normas de xestión, sustentaranse nos seguintes principios:



-Cumprimento da **normativa legal**: garantindo o cumprimento de todas as leis, regulamentos e políticas aplicables relacionadas co desenvolvemento rural, que sexan aplicables á xestión do programa Leader.

-Participación e **implicación da comunidade**: Neste marco normativo, o papel do GDR será contribuír a crear as condicións para facer do seu ámbito territorial un lugar atractivo para a poboación e para a actividade económica. Fomentar a participación activa e a implicación da comunidade local no proceso de toma de decisións, así como na implementación e seguimento das accións do programa.

-Prevese contar cun **equipo técnico** conformado por tres persoas para a xestión directa do programa Leader (administrativo, técnico e xerente) este equipo será o encargado da xestión do programa leader e de buscar sinerxias para dinamizar a comunidade e buscar oportunidades de desenvolvemento para o territorio.

-Capacitarse para liderar: o GDR aplicará o principio de **capacitarse para liderar** a dinamización do territorio e a busca de oportunidades, para isto fomentarase a participación activa dos actores locais, incluíndo a comunidade, as organizacións locais e as administracións públicas, o GDR por medio do seu equipo técnico , será o encargado de dinamizar a participación.

-**Responsabilidade Social Territorial**: apoiando ás pequenas entidades vinculadas ó GDR3 na organización de pequenos eventos para os que, moitas veces teñen ideas pero non teñen capacidade organizativa por si mesmas, cun pequeno apoio do GDR xeran un gran retorno e visibilidade para o GDR xa que os seus eventos teñen moito impacto no entorno. Con este pequeno apoio tamén se logra que estas asociacións estean moito máis motivadas a participar.

-**Principio de portas abertas**: incentivarase que se fagan socias todas aquelas entidades asociativas e de representación de intereses colectivos, fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro, que desenvolvan a súa actividade dentro do ámbito territorial dos concellos que configuran o GDR3. A adquisición da condición de socio activase medinte presentación de solicitude da entidade interesada e acreditación de que ten actividade no territorio.

-**Transparencia na xestión**: implementaranse os mecanismos para asegurar a transparencia na xestión do programa, incluíndo a rendición de contas aos actores clave e á comunidade.

- **Publicidade**, vinculada ao principio anterior, garantirá o coñecemento por todas as persoas e entidades dos procedementos vinculados ao programa de axudas, pero tamén dos vinculados a todas as actividades que fai o GDR con especial atención á comunicación dixital.

-**Equidade e xustiza social**: Garantir que as accións e os recursos do programa se distribúan de forma equitativa, tendo en conta as necesidades e as desigualdades presentes no territorio, apoiando e achegando a información ás persoas que teñen máis dificultade de acceso a ela.



-**A eficacia** é outro dos principios que o GDR terá presente, co obxectivo último de dar cumprimento aos fins que se formula na estratexia, mediante o cumprimento dos seus obxectivos, dunha maneira sistemática, ordenada e cuantificada.

- **A eficiencia** do gasto público. Este principio debe terse presente non só no que respecta á aplicación do programa de axudas, senón tamén no que respecta aos custos de xestión do programa. Para isto deberán solicitarse diferentes orzamentos, co obxectivo de comparar investimentos no caso de proxectos, ou das posibles actividades de animación que poida realizar o GDR. Teranse coma referencia prezos de mercado, polo cal, de existiren diferenzas notables, poderíase solicitar apoio técnico para facer unha valoración ou unha xustificación motivada do orzamento.

-**Sustentabilidade ambiental**: Integrar a dimensión ambiental en todas as accións que promova ou nas que participe o GDR, promovendo a exemplaridade ambiental e as prácticas sostibles, a protección do medio ambiente e a conservación dos recursos naturais.

-**Igualdade de oportunidades**: promover a igualdade de oportunidades para todos os actores do territorio, tendo en conta de prestar especial apoio a colectivos desfavorecidos, diversidade de xénero, idade, diversidade funcional; que o GDR sexa un espazo accesible e acoledor

-Promover a **accesibilidade comunicativa**: Garantir a comunicación para todas as persoas, independentemente das súas habilidades dixitais. Prover información e materiais en diferentes formatos e ofrecer servizos de atención personalizada. Utilizar unha linguaxe clara e comprensible en todas as comunicacións dixitais.

-**A atención ao público**, mediante a determinación dun horario e instalacións accesibles para o conxunto de público que demande información presencial sobre o GDR, o programa de axudas, ou calquera outra iniciativa que poida gardar relación co Grupo

-**O apoio, asesoramento e información** ás potenciais persoas beneficiarias sobre as cuestións relacionadas coa subvencionalidade dos gastos dos proxectos para poder obter financiamento, a descrición dos requisitos de admisibilidade das solicitudes, os procedementos e prazos correspondentes para a presentación de axudas, os criterios de selección das operacións, as condicións das axudas e o que implican en canto á súa xustificación, verificación, etc.

-**A tramitación dilixente** dos expedientes en todas as fases do procedemento.

- **Sensibilización e formación**: Sensibilizar ao persoal e aos colaboradores sobre a importancia da accesibilidade e proporcionar formación sobre como facer que os recursos e a información sexan accesibles. Promover unha cultura de inclusión e diversidade na xestión do programa.



- **Participación activa e efectiva:** fomentar a participación de todas as persoas, incluíndo aquelas con necesidades especiais, provendo espazos e ferramentas que permitan a participación de todas as voces e asegurarse de que as opinións e as necesidades de todas as persoas sexan escoitadas e consideradas.

- **O consenso á hora de tomar decisións.** Malia a que estatutariamente se contemple unha regra de maiorías á hora de adoptar decisións, o GDR terá en conta as normas que eviten o conflito de intereses, intentando procurar que as decisións se adopten por consenso e non por maioría. Isto afondará na boa gobernanza do GDR e na mellora das relacións entre as entidades que o forman. Tanto a decisión por maioría, como os quorum necesarios para a súa adopción, respectarán o establecido no marco estatutario e regulamentario do grupo.

- **Monitorización e avaliación:** Realizar un seguimento constante para asegurarse de que se están cumprindo as normas de xestión e para identificar áreas de mellora. Incluír a avaliación do cumprimento das normas de xestión como parte dos criterios de avaliación do programa.

I.9 proposta de cadro financeiro

Para conseguir os obxectivos, medidas e liñas de acción previstas, plantexase o seguinte cadro financeiro de axuda

GDR 03: Montes e Vales Orientais

SUBMEDIDA	TIPO PROXECTO	GASTO PÚBLICO DA ESTRATEXIA							
		2024	2025	2026	2027	2028	2029	TOTAL	%
19.2 Apoio a realización de operacións conforme á extratexia de desenvolvemento local participativo	Productivos	580.000,00	580.000,00	580.000,00	580.000,00	180.000,00	0,00	2.500.000,00	65,05%
	Non productivos (entidades públicas locais)	250.000,00	250.000,00	250.000,00	250.000,00	80.000,00	0,00	1.080.000,00	28,10%
	Non Productivos (institucións de carácter privado)	50.000,00	50.000,00	50.000,00	50.000,00	25.000,00	0,00	225.000,00	5,85%
	Formación	6.400,00	6.400,00	6.400,00	6.400,00	6.400,00	6.300,00	38.300,00	1,00%
	TOTAL 19.2	886.400,00	886.400,00	886.400,00	886.400,00	291.400,00	6.300,00	3.843.300,00	100,00%
19.3 Cooperacion	cooperación	35.000,00	35.000,00	35.000,00	35.000,00	35.000,00	17.000,00	192.000,00	5,00%
19.4 Funcionamento e animación	Funcion. Animación	180.000,00	180.000,00	175.000,00	175.000,00	125.000,00	125.000,00	960.000,00	24,98%
TOTAL MEDIDAS 19.2 + 19.3 + 19.4								4.995.300,00	



Por outra banda plantexáronse dous proxectos piloto para os que será necesario acadar fondos piloto fóra deste cadro financeiro.

O proxecto de recuperación de patrimonio para outros usos estimase que debería acadar unha intensidade de axuda media do 65% de modo que para mobilizar un número de recursos considerable, nos que é mais urxente intervir debería contarse cun proxecto piloto de 1.500.000€

O proxecto de recuperación de terra para centeo, estimase un custo de 3.500€/Ha cunha porcentaxe de apoio do 50%. Unha previsión de axuda de 300.000€ podería mobilizar da orde de 170Ha.

I.10 Baremos de selección

En Anexo baremos





ASOCIACION DE DESENVOLVEMENTO RURAL
MONTES E VALES ORIENTAIS - GDR3

BAREMOS DE SELECCIÓN DE PROXECTOS

PROXECTOS PRODUTIVOS

**PROXECTOS NON
PRODUTIVOS**



A.- Criterios para proxectos produtivos.

- A puntuación máxima é de 100 puntos, para que un proxecto sexa subvencionable terá que obter como mínimo 20 puntos.
- A porcentaxe de axuda que poderá acadar un proxecto relacionarase ca puntuación obtida conforme á seguinte táboa:

Puntuacion	% de axuda
De 20 ata 25 puntos	 25%
Mais de 25 ata 30 puntos	 30%
Mais de 30 ata 35 puntos	 35%
Mais de 35 ata 40 puntos	 40%
Mais de 40 ata 50 puntos	 45%
Mais de 50 puntos	 50%

- Os proxectos que opten polo Bono Activa Rural, entrarán na concorrência competitiva xeral, no caso de ter dereito a axuda, esta asignarase en función do criterio B.5.2 de acordo á seguinte táboa:

Puntuacion	% de axuda
Mínimo un emprego a 1/4 de xornada	 25%
Mínimo un emprego a media xornada	 50%
Mínimo un emprego a xornada completa	 100%

O mínimo para optar a axuda é 1/4 de xornada.

A porcentaxe de axuda aplicarase sobre 18.000€, axuda máxima do Bono Activa Rural.

A tipoloxía da xornada xustificarase con informe de vida laboral, altas no IAE e /ou IRPF ou outros documentos tributarios. Puntuaranse as fraccións de UTA mínimas de 0,25.

- A axuda máxima que poderá obter un proxecto é de 100.000,00€, ca excepción dos proxectos que creen 5 postos de traballo (UTAS) ou mais, que poderán optar á axuda máxima de 200.000,00€.
- Para proxectos asociativos que desenvolvan inversións en distintos lugares do territorio aplicarase a puntuación do lugar mais favorable.



1. LOCALIZACION DO PROXECTO.

1. Localización do proxecto	
Criterios	Puntos
1.1 Taxa de evolución interanual da poboación da parroquia	ata 5
1.2 Proxectos que se desenvolvan en lugares REDE NATURA	5
1.3 Taxa de envellecemento da poboación	ata 5
Índice de corrección	de -0,5 a -1,5
Puntuación máxima neste apartado	15 Puntos

1.1 Taxa de evolución interanual da poboación da parroquia

Ata un máximo de 5 puntos, de acordo cos seguintes tramos:

- Parroquias cunha caída de poboación igual o superior ó 30 %:→ 5 puntos
- Parroquias cunha caída de poboación igual ou maior ó 20 % e menor do 30 %:→ 4 puntos
- Parroquias cunha caída de poboación igual ou maior ó 10 % e menor do 20 %:→ 3 puntos
- Parroquias con caída de poboación menor do 10 %:→ 2 puntos

Calculada cos datos do INE (INE base/nomenclátor: poboación do Padrón continuo por entidades colectivas) Censo de poboación en 2001 e censo de poboación en 2022 e segundo a fórmula:

$$\text{Taxa} = \frac{\text{Poboación actual} - \text{poboación en 2001}}{\text{Poboación en 2001}} \times 100$$

Anexo A.- Táboas de taxas de evolución interanual da poboación por parroquias

1.2 Proxectos que se desenvolvan en lugares REDE NATURA

- Si o proxecto se empraza nos límites da Rede Natura:→ 5 puntos
- Si o proxecto se empraza fóra dos límites da Rede Natura:→ 0 puntos

A situación do proxecto comprobarase a través do visor cartográfico da Rede Natura 2000 <https://natura2000.eea.europa.eu/>

1.3 Taxa de envellecemento da poboación

Ata un máximo de 5 puntos, de acordo cos seguintes tramos:

- Parroquias con taxa de envellecemento inferior ó 20% → 0 puntos
- Taxa entre o 20% e menos do 30%:→ 1 punto
- Taxa entre o 30% e menos do 40%:→ 3 puntos
- Taxa entre o 40% e menos do 50%:→ 4 puntos
- Taxa igual ou superior ó 50%:→ 5 puntos

Calculada ca seguinte fórmula (porcentaxe de poboación >65 anos), segundo datos do IGE para o ano 2022:

$$\text{Taxa} = \frac{\text{Poboación} > 65 \text{ anos}}{\text{Poboación total}} \times 100$$

Anexo B.- Táboas de taxas de envellecemento por parroquias

Índice de corrección: A puntuación resultante verase corrixida de acordo ó seguinte dato de poboación:

- Proxectos localizados en entidades de ata 100 habitantes→ Non se aplica corrección
- Proxectos localizados en entidades singulares de poboación de mais de 100 e ata 250 habitantes→ 0,5 puntos
- Proxectos localizados en entidades singulares de poboación de mais de 250 e ata 500 habitantes→ 1 punto
- Proxectos localizados en entidades singulares de poboación de máis de 500 habitantes:→ 1,5 puntos



2. CARÁCTER INNOVADOR DO PROXECTO.

2. Carácter innovador do proxecto	
Criterios	Puntos
2.1 Actividade innovadora: no uso de recursos locais infrautilizados, ou en novos produtos e servizos locais	ata 5
2.2 Uso de fontes de enerxía renovables e ou incorporación de TIC	ata 5
Puntuación máxima neste apartado	10 puntos

2.1 Actividade innovadora: no uso de recursos locais infrautilizados, ou en novos produtos e servizos locais

Ata un máximo de 5 puntos, de acordo cos seguintes tramos:

- *Os recursos, os produtos ou servizos non se usan ou non existen a nivel de entidade singular:→ 1 punto*
- *Os recursos, os produtos ou servizos non se usan ou non existen a nivel de parroquia:→ 2,5 puntos*
- *Os recursos, os produtos ou servizos non se usan ou non existen a nivel de municipio:→ 4 puntos.*
- *Os recursos, os produtos ou servizos non se usan ou non existen a nivel de territorio do GDR3:→ 5 puntos*

O carácter de innovador da actividade acreditarase cun informe do concello, ou de todos os concellos do GDR3 de ser o caso de innovación a nivel de territorio do GDR3.

2.2 Uso de fontes de enerxía renovables e ou incorporación de TIC

Ata un máximo de 5 puntos, de acordo cos seguintes tramos *da porcentaxe que supoña este investimento sobre o custo total do proxecto subvencionable:*

- *Ata un 15%:→ 1 punto*
- *Mais de 15% ata 25%:→ 2 puntos*
- *Mais de 25% ata 35%:→ 3 puntos*
- *Mais de 35% ata 45%:→ 4 puntos*
- *Mais do 45 %:→ 5 puntos*

As porcentaxes calcularanse sobre o total de investimentos que resulten admisibles no Informe de Control de Elixibilidade (ICE)

3. UTILIZACIÓN DE FACTORES PRODUTIVOS DA ZONA

3. Utilización de factores produtivos da zona	
Criterios	Puntos
3.1 Utilización de recursos humanos do territorio	ata 5
3.2 Utilización de inputs procedentes de empresas do territorio	ata 5
Puntuación máxima neste apartado	10 puntos

3.1. Utilización de recursos humanos do territorio

Ata un máximo de 5 puntos, de acordo cos seguintes tramos da porcentaxe:

- *A porcentaxe de persoas empadroadas no territorio do GDR3 é menor do 20%:→ 0 puntos*
- *Se a porcentaxe está entre 20% e menor de 50%:→ 1 punto*
- *Se a porcentaxe está entre 50% e menor de 100%:→ 2,5 puntos*
- *Se a porcentaxe é 100%:→ 5 puntos*

En caso de entidades xurídicas, estas porcentaxes aplicaranse ás persoas administradoras ou dos órganos de goberno.



3.2 . Utilización de inputs procedentes de empresas do territorio

Ata un máximo de 5 puntos, de acordo cos seguintes tramos da porcentaxe:

- Ata un 20%:→ 1 punto
- Mais do 20% ata 40%:→ 2 puntos
- Mais do 40 ata 60%:→ 3 puntos
- Mais do 60 ata 80%:→ 4 puntos
- Mais do 80 %:→ 5 puntos

Excepción: as inversións, que pola súa natureza non sexa posible adquirilas no territorio do GDR3, non se terán en conta para o cálculo da porcentaxe. Esta excepción refírese a circunstancias demostrables e moi concretas, como a adquisición de dereitos de propiedade intelectual, servizos técnicos moi especializados, provedor único e deberá achegarse a documentación xustificativa correspondente.

4. TIPOLOXIA DAS PERSOAS PROMOTORAS

4. Tipoloxía das persoas promotoras	
Criterios	Puntos
4.1 Proxectos promovidos por mulleres ou persoas xurídicas cuxos socios sexan mulleres	7,5
4.2 Proxectos promovidos por menores de 35 anos ou por persoas desempregadas maiores de 55 anos, ou persoas xurídicas cuxos titulares pertencen aos colectivos referidos.	7,5
4.3 Proxectos promovidos por persoas con diversidade funcional ou persoas xurídicas cuxos titulares sexan persoas con diversidade funcional.	7,5
4.4 Proxectos promovidos por promotores que non teñan recibido axudas de AGADER nos últimos 5 anos.	ata 7
4.5 Formación específica e/ou experiencia laboral das persoas promotoras vinculadas ó proxecto a desenvolver	3
Puntuación máxima neste apartado	25 puntos

4.1 Proxectos promovidos por mulleres ou persoas xurídicas cuxos socios sexan mulleres

Ata un máximo de 7,5 puntos, de acordo cos seguintes tramos da porcentaxe:

- Se a porcentaxe é menor do 25%:→ 0 puntos
- Se a porcentaxe está entre 25% e menor de 50%:→ 2,5 puntos
- Se a porcentaxe está entre 50% e menor de 65%:→ 5 puntos
- Se a porcentaxe está entre 65% e menor de 100%:→ 6 puntos
- Se a porcentaxe é 100%:→ 7,5 puntos

4.2 Proxectos promovidos persoas de ata 35 anos (35 incluídos) ou por persoas desempregadas de 55 en diante (incluídos 55), ou persoas xurídicas cuxos titulares pertencen aos colectivos referidos

Ata un máximo de 7,5 puntos, de acordo cos seguintes tramos da porcentaxe:

- Se a porcentaxe é menor do 25%:→ 0 puntos
- Se a porcentaxe está entre 25% e menor de 50%:→ 2,5 puntos
- Se a porcentaxe está entre 50% e menor de 65%:→ 5 puntos
- Se a porcentaxe está entre 65% e menor de 100%:→ 6 puntos
- Se a porcentaxe é 100%:→ 7,5 puntos

4.3 Proxectos promovidos por persoas con diversidade funcional ou persoas xurídicas cuxos titulares sexan persoas con diversidade funcional.

Ata un máximo de 7,5 puntos, de acordo cos seguintes tramos da porcentaxe:



- Se a porcentaxe é menor do 25%:→ 0 puntos
- Se a porcentaxe está entre 25% e menor de 50%:→ 2,5 puntos
- Se a porcentaxe está entre 50% e menor de 65%:→ 5 puntos
- Se a porcentaxe está entre 65% e menor de 100%:→ 6 puntos
- Se a porcentaxe é 100%:→ 7,5 puntos

4.4 Proxectos promovidos por promotores que non teñan recibido axudas de AGADER nos últimos 5 anos.

Ata un máximo de 7 puntos, de acordo cos seguintes tramos da porcentaxe:

- Axudas acumuladas por importe superior a 100.000 €:→ 0 puntos
- Axudas acumuladas por importe superior a 50.000 € e ata 100.000 €:→ 2 puntos
- Axudas acumuladas por importe superior a 25.000 € e ata 50.000 €:→ 4,5 puntos
- Axudas acumuladas por importe ata 25.000 €:→ 7 puntos

4.5 Formación específica e/ou experiencia laboral das persoas promotoras vinculadas ó proxecto a desenvolver:

Ata un máximo de 3 puntos, de acordo cos seguintes tramos da porcentaxe:

- Acredita titulación oficial de FP ou universitaria empresarial ou relacionada co sector ou, experiencia mínima de 2 anos de traballo no sector vinculado ó proxecto:→ 3 puntos
- Acredita cursos de formación empresarial ou vinculados ó sector ou, experiencia mínima de 1 ano de traballo no sector vinculado ó proxecto:→ 2 puntos
- Acredita cursos de formación vinculados á temática do proxecto:→ 1 punto

Os cursos computarán cando teñan unha duración mínima de 20 horas e contén con certificado ou diploma cos contidos impartidos. No caso de sociedades será aplicable ós socios.

5. CRITERIO DE EMPREGO

Neste criterio puntuarase a opción A. Xeral ou a opción B. Bono Activa Rural, nunca as dúas xuntas

OPCION A. XERAL

5. Incidencia sobre a creación de emprego	
Criterios	Puntos
A.5.1 Por cada emprego creado, equivalente a unha UTA (unidade de traballo anual), 2,5 puntos, ata un máximo de 10 puntos. As fraccións de UTA computarán de maneira proporcional sendo a mínima 0,25	ata 10
A.5.2 Ratio inversión elixible/emprego creado (computa fracción de UTA, desde 0,25)	ata 10
A.5.3 Creación de emprego beneficia a algún dos seguintes colectivos: mulleres, menores de 35 anos, desempregados maiores de 55 anos ou persoas con diversidade funcional	5
Puntuación máxima neste apartado	25 puntos

A.5.2 Ratio inversión elixible/emprego creado (UTAS)

Ata un máximo de 10 puntos, de acordo cos seguintes ratios

Calculase segundo a seguinte fórmula:

$$\frac{\text{Inversión elixible}}{\text{Nº de UTAS a crear}} = X$$

Ratio menor o igual a 50.000:→ 10 puntos

Ratio maior de 50.000 e menor ou igual a 90.000:→ 6 puntos

Ratio maior de 90.000 e menor ou igual a 130.000:→ 4 puntos

Ratio maior de 130.000:→ 2 puntos



A.5.3 Creación de emprego beneficia a algún dos seguintes colectivos: mulleres, menores de 35 anos, desempregados maiores de 55 anos ou persoas con diversidade funcional

Ata un máximo de 5 puntos, de acordo cas seguintes porcentaxes:

- Se a porcentaxe é menor do 25%:→ 0 puntos
- Se a porcentaxe está entre 25% e menor de 50%:→ 1 punto
- Se a porcentaxe está entre 50% e menor de 100%:→ 3 puntos
- Se a porcentaxe é 100%:→ 5 puntos

OPCION B. BONO ACTIVA RURAL

5. Bono Activa Rural	
Criterios	Puntos
B.5.1 Tipo de actividade que se pon en marcha	ata 7
B.5.2 Calidade do emprego creado	ata 7
B.5.3 Actividades de relevo xeracional, por xubilación da persoa titular	ata 7
B.5.4 Formación específica e/ou experiencia laboral da persoa promotora vinculada ó proxecto a desenvolver	5
B.5.5 Pertence a algún dos seguintes colectivos: - Vítimas de violencia de xénero - Persoas co status de refuxiadas - Persoas paradas de longa duración	5
Puntuación máxima neste apartado	25 puntos

B.5.1 Tipo de actividade que se pon en marcha

Ata un máximo de 7 puntos, de acordo cos seguintes criterios:

- Mantense/crease un servizo esencial(*) para o núcleo ou territorio:→ 7 puntos
- A Actividade non constitúe un servizo esencial pero é necesaria(**)e/ou innovadora (**):→ 5 puntos
- A Actividade non é esencial nin necesaria:→ 2 puntos

(*) O carácter de esencial tómase segundo o artigo 2 da Lei 8/2011 que o define como “el servicio necesario para el mantenimiento de las funciones sociales básicas, la salud, la seguridad, el bienestar social y económico de los ciudadanos”

(**) O carácter de necesario refírese a servizos que non son imprescindibles para o mantemento das funcións sociais básicas, saúde, seguridade ou benestar pero deben existir para facer os pobos atractivos, refírese ós seguintes: de ocio e entretemento, bens de consumo non básicos, restauración e hostalería, deportes e benestar persoal, servizos financeiros e empresarias, tecnoloxía e electrónica de consumo, automoción e transporte privado, servizos para eventos e celebracións

(***) Considerase actividade innovadora si non existe a nivel de termino municipal

B.5.2 Calidade do emprego creado

Ata un máximo de 7 puntos, de acordo cos seguintes criterios:

- Crea un mínimo dunha UTA a xornada completa:→ 7 puntos
- Crea un mínimo dunha UTA a media xornada:→ 5 puntos
- Crea un mínimo dunha UTA a ¼ de xornada:→ 2 puntos

A tipoloxía da xornada xustificarase con informe de vida laboral, altas no IAE e /ou IRPF ou outros documentos tributarios. Puntuaranse as fraccións de UTA mínimas de 0,25.

B.5.3 Actividades de relevo xeracional, por xubilación da persoa titular

Ata un máximo de 7 puntos, de acordo cos seguintes criterios:

- Colle o relevo nun negocio dos sectores estratéxicos turismo (aloxamento e restauración) ou agroalimentario:→ 7 puntos
- Colle o relevo nun negocio de servizos(*):→ 5 puntos
- Colle o relevo doutro tipo de negocio:→ 2 puntos



(*) enténdese por negocio de servizos os que se desenvolvan nos sectores definidos como esenciais e necesarios no punto B.5.1

B.5.4 Formación específica e/ou experiencia laboral da persoa promotora vinculada ó proxecto a desenvolver:

Ata un máximo de 5 puntos, de acordo cos seguintes tramos da porcentaxe:

- Acredita titulación oficial de FP ou universitaria empresarial ou relacionada co sector ou, experiencia mínima de 2 anos de traballo no sector vinculado ó proxecto:→ 5 puntos
- Acredita cursos de formación empresarial ou vinculados ó sector ou, experiencia mínima de 1 ano de traballo no sector vinculado ó proxecto:→ 2,5 puntos
- Acredita cursos de formación vinculados á temática do proxecto:→ 1 punto

Os cursos computarán cando teñan unha duración mínima de 20 horas e contén con certificado ou diploma cos contidos impartidos.

CRITERIO DE IMPACTO NOS SECTORES ESTRATEXICOS

6. Incidencia sobre os sectores estratéxicos do territorio	
Criterios	Puntos
6.1 Proxectos de actividades vinculadas á mobilidade de terras, ó sector agrogandeiro e dos montes	Ata 10
6.2 Proxectos vinculados ó desenvolvemento de produtos agroalimentarios de calidade	Ata 10
6.3 Proxectos vinculados á xeración de actividades de ocio e de aproveitamento de recursos turísticos	Ata 10
6.4 Proxectos colaborativos entre os sectores estratéxicos	5
Puntuación máxima neste apartado	15 Pts

6.1 Proxectos de actividades vinculadas á mobilidade de terras, ó sector agrogandeiro e dos montes

Ata un máximo de 10 puntos, de acordo cos seguintes criterios:

6.1.1 mobilidade de terras

- O proxecto aplica instrumentos de mobilidade de terras ou pon en valor terreos limítrofes con vivendas:→ 10 puntos
- O proxecto aplica instrumentos de mobilidade de terras ou pon en valor terreos situados a unha distancia en liña recta de ata 100 metros da vivenda máis próxima:→ 8 puntos
- O proxecto aplica instrumentos de mobilidade de terras ou pon en valor terreos situados a unha distancia en liña recta de mais de 100 e ata 200 metros da vivenda máis próxima:→ 6 puntos
- O proxecto aplica instrumentos de mobilidade de terras ou pon en valor terreos situados a unha distancia en liña recta superior a 200 m e ata 500 metros da vivenda máis próxima:→ 4 puntos
- O proxecto aplica instrumentos de mobilidade de terras ou pon en valor terreos situados a unha distancia en liña recta de mais 500 metros da vivenda máis próxima:→ 2 puntos

6.1.2 Carácter asociativo

- Proxectos de carácter asociativo, (SATs, Cooperativas, Comunidades de Montes e outras fórmulas de traballo asociado):
 - Mais de 5 persoas asociadas:→ 10 puntos
 - 5 persoas asociadas:→ 8 puntos
 - 4 persoas asociadas:→ 6 puntos
 - 3 persoas asociadas:→ 4 puntos
 - 2 persoas asociadas:→ 2 puntos



6.1.3 Instrumentos de loita contra o cambio climático. Proxectos vinculados á loita contra o cambio climático e o Pacto Verde europeo:

- Proxectos de diversificación agraria ligados á estratexia de biodiversidade, da granxa á mesa ou a xestión de espazos naturais protexidos:→ 10 puntos
- Proxectos de fixación de CO₂:→ 8 puntos
- Proxectos de aforro enerxético:→ 6 puntos
- Outros proxectos:→ 4 puntos

O cumprimento deste apartado acreditarase con informe xustificado de técnico competente do GDR3, referido ós aspectos concretos de concordancia con instrumento puntuable.

As puntuacións obtidas nos tres apartados son acumulables ata un máximo de 10 puntos

6.2 Proxectos vinculados ó desenvolvemento de produtos agroalimentarios de calidade

Ata un máximo de 10 puntos, de acordo cos seguintes criterios:

6.2.1 Marcas de calidade e clubs de produto

- Proxectos que contribúan a consolidar marcas de calidade no territorio IXP ou DO:→ 10 puntos
- Proxectos que contribúan a consolidar Clubs de produto territoriais, como o Clube de produto Cociña de Ancares Terras de Buron, o Clube de Ecoturismo ou calquera outro que este formalmente constituído:→ 8 puntos
- Outros proxectos de artesanía alimentaria:→ 6 puntos
- Outro tipo de industria alimentaria:→ 4 puntos

6.2.2 creación, ampliación ou modernización de industrias

- Creación de novas industrias alimentarias:→ 10 puntos
- Modernización de industrias existentes:→ 8 puntos
- Ampliación de industrias existentes:→ 5 puntos

6.3 Proxectos vinculados á xeración de actividades de ocio e de aproveitamento de recursos turísticos

- Proxectos que xeren actividades de turismo activo e ecoturismo para ofertar ós turistas que visiten o territorio, proxectos de oferta de servizos onde comer que poñan en valor o produto local ou proxectos de recuperación de patrimonio con fins turísticos:→ 10 puntos
- Proxectos que xeren oferta complementaria de ocio e actividades en establecementos existentes:→ 8 puntos
- Proxectos de mellora de establecementos turísticos do territorio e implantación de servizos dixitais:→ 6 puntos
- Proxectos que inclúan solo a implantación de servizos dixitais:→ 4 puntos

CRITERIOS DE DESEMPATE

- No caso de empate, terá prioridade o proxecto que teña acadado máis puntuación no criterio 5 do baremo Bono Activa rural.
- De persistir o empate, terá a seguinte orde de prioridade o proxecto que teña mellor puntuación no criterio 6.1 de mobilidade de terras.
- Si aínda así persiste o empate, primará o criterio 1, o proxecto que teña mellor puntuación na suma dos tres apartados de localización.
- Por último atenderase á data de presentación da solicitude no rexistro.



B.-. Criterios para proxectos non produtivos

- A puntuación máxima é de 100 puntos, para que un proxecto sexa subvencionable terá que obter como mínimo 30 puntos.
- A porcentaxe de axuda que poderá acadar un proxecto relacionarase ca puntuación obtida conforme á seguinte táboa:

Puntuacion	% de axuda
De 30 ata 35 puntos	50%
Mais de 35 ata 40 puntos	65%
Mais de 40 ata 45 puntos	70%
Mais de 45 ata 50 puntos	75%
Mais de 50 ata 60 puntos	80%
Mais de 60 puntos	90%

- A axuda máxima que poderá obter un proxecto é de 100.000,00€, ca excepción dos proxectos que creen 5 postos de traballo (UTA) ou mais, que poderán optar á axuda máxima de 200.000,00€.

No baremo de proxectos non produtivos distínguense 3 categorías:

- Proxectos non produtivos de **prioridade alta**, cunha porcentaxe máxima do 90% de axuda, distínguense os seguintes:
 - Os proxectos que fomenten a inclusión social mediante servizos de igualdade e benestar á poboación, a integración de comunidades marxinais e de inmigrantes, o coidado das persoas maiores, a promoción dun envellecemento activo e saudable destas, os investimentos ligados a aldeas intelixentes (smart villages), así como os proxectos que se executen en aldeas modelo ou en desenvolvemento dos instrumentos contidos na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.
 - Proxectos de uso das TIC no medio rural (por exemplo telecentros, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos á poboación xeral, uso da «internet das cousas» e proxectos de dixitalización de servizos ou infraestruturas públicas).
 - Proxectos de colaboración entre concellos para consolidar o destino turístico orientado ó ecoturismo e posta en valor dos recursos naturais e patrimoniais.
 - Proxectos de comunidades enerxéticas locais, conservación da biodiversidade, redución da pegada de Carbono, adaptación de espazos públicos e infraestruturas turísticas ó cambio climático.
 - Recuperación de patrimonio etnográfico con fins diversos.
 - Melloras ambientais e paisaxísticas nas aldeas para favorecer o atractivo e a habitabilidade.
 - Proxectos de valorización do uso da auga como adecentamento e potabilización de fontes en rutas de sendeirismo e de peregrinación ou accesibilidade a espazos de auga.
- Proxectos non produtivos de **prioridade media**, cunha porcentaxe máxima do 70% de axuda:
 - Instalacións deportivas e recreativas.
 - Intervencións turísticas individuais e non integradas no marco xeral do destino.
 - Construción, ampliación, modernización e equipamento de edificios destinados a locais sociais e culturais. No caso de que supoña a rehabilitación ou acondicionamento dunha



edificación tradicional con valor patrimonial, estarán incluídos todos os núcleos de poboación. No caso de edificación doutra tipoloxía, solo serán beneficiarios os núcleos de poboación onde non exista local social ou cultural.

- Proxectos non produtivos de **prioridade baixa**, cunha porcentaxe máxima do 50% de axuda.
 - Todos aqueles proxectos que non estean incluídos nas categorías anteriores.

No caso de proxectos promovidos por unha agrupación de entidades a puntuación que obterán en cada criterio será a da entidade que tivese mellor puntuación nunha baremación individual.

1. Impacto do proxecto	
CRITERIOS	PUNTOS
1.1 Proxectos de mellora do entorno, dos valores ambientais e de rehabilitación de pobos. Recuperación de inmobles e elementos etnográficos para dotación de servizos e oferta de espazos de traballo	ata 10
1.2 Proxectos con potencialidade para apoiar o xurdimento de iniciativas empresariais	ata 5
1.3 Incidencia nos colectivos desfavorecidos	ata 5
Puntuación máxima neste apartado	20 Puntos

1.1 Proxectos de mellora do entorno, dos valores ambientais e de rehabilitación de pobos. Recuperación de inmobles e elementos etnográficos para dotación de servizos e oferta de espazos de residencia e traballo

Ata un máximo de 10 puntos, de acordo cos seguintes criterios:

- *Proxectos dirixidos a mellorar a estética, a funcionalidade e a oferta de espazos de traballo e servizos nas entidades singulares de poboación, recuperando elementos tradicionais como muros, fontes, patrimonio e edificacións:→ 10 puntos*
- *Proxectos de recuperación de entornos de valor ambiental paisaxístico, arquitectónico, etnográfico, etc:→ 8 puntos*
- *Proxectos de mellora de entornos singulares:→ 5 puntos*

Enténdese por entornos singulares os formados por elementos non catalogados por patrimonio, que presentan unhas características diferenciadoras como por exemplo antigas escolas rurais, casas rectorais, antigas pousadas, cantinas de aldeas e outros elementos de carácter similar.

1.2 Proxectos con potencialidade para apoiar o xurdimento de iniciativas empresariais

Ata un máximo de 5 puntos, de acordo cos seguintes criterios:

- *Proxectos de posta en marcha de iniciativas promocionais do territorio, ou plataformas de apoio ós produtos do territorio, de xeito agrupado entre municipios ou entidades:→ 5 puntos*
- *Proxectos de posta en marcha de iniciativas promocionais do territorio ou plataformas de apoio ós produtos do territorio:→ 2,5 puntos*

1.3 Incidencia nos colectivos desfavorecidos

Ata un máximo de 5 puntos, de acordo cos seguintes criterios

- *Proxectos dirixidos a crear estruturas de asentamento de poboación e integración social de persoas de colectivos desfavorecidos:→ 5 puntos*
- *Proxectos dirixidos a prestar servizos específicos a persoas de colectivos desfavorecidos:→ 2,5 puntos*

Entendese por estruturas de asentamento de poboación a creación ou mellora de recursos físicos ou sociais deseñados para facilitar a chegada, a permanencia e a integración plena



na comunidade de persoas pertencentes a colectivos desfavorecidos, tales como Vivendas Comunitarias Asistidas, espazos de Coworking, creación de espazos públicos inclusivos e outros de natureza similar.

Por proxectos dirixidos a prestar servizos específicos, enténdese que os servizos poden ser de natureza social, sanitaria, educativa, laboral ou legal, e deben estar adaptados ás características e circunstancias específicas de cada colectivo, por exemplo espazos para acompañamento á inserción laboral, para a asistencia psicolóxica, para alfabetización dixital, para asesoramento legal e outros de natureza similar.

2. Carácter innovador do proxecto	
CRITERIOS	PUNTOS
2.1 Actividade innovadora: nos produtos e servizos locais	ata 5
2.2 Uso de fontes de enerxía renovables e ou incorporación de TIC	ata 5
2.3 Innovacións tecnolóxicas e novas formas de aproveitamento de recursos	ata 10
Puntuación máxima neste apartado	20 Pts

2.1 Actividade innovadora: nos produtos e servizos locais

Ata un máximo de 5 puntos, de acordo cos seguintes criterios:

- *Os produtos resultantes ou servizos que se prestan non existen a nivel de entidade singular:→ 1 punto*
- *Os produtos resultantes ou servizos que se prestan non existen a nivel de parroquia:→ 2,5 punto*
- *Os produtos resultantes ou servizos que se prestan non existen a nivel de municipio:→ 4 puntos*
- *Os produtos resultantes ou servizos que se prestan non existen a nivel de territorio do GDR3:→ 5 puntos*

A inexistencia do produto ou servizo acreditarase con informes municipais.

2.2 Uso de fontes de enerxía renovables e ou incorporación de TIC

Ata un máximo de 5 puntos, de acordo cos seguintes criterios

- *Ata un 15%:→ 1 punto*
- *Mais do 15% e ata o 25%:→ 2 puntos*
- *Mais do 25% e ata o 35%:→ 3 puntos*
- *Mais do 35% e ata o 45%:→ 4 puntos*
- *Mais do 45 %:→ 5 puntos*

A porcentaxe calcularase sobre o investimento elixible.

2.3 Innovacións tecnolóxicas e novas formas de aproveitamento de recursos

Ata un máximo de 10 puntos, de acordo cos seguintes criterios

- *Aplicase unha innovación tecnolóxica ou unha fórmula de explotar recursos que non existe a nivel da entidade singular:→ 2 punto*
- *Aplicase unha innovación tecnolóxica ou unha fórmula de explotar recursos que non existe a nivel da parroquia:→ 5 puntos*
- *Aplicase unha innovación tecnolóxica ou unha fórmula de explotar recursos que non existe a nivel do municipio:→ 8 puntos*
- *Aplicase unha innovación tecnolóxica ou unha fórmula de explotar recursos que non existe a nivel de GDR3:→ 10 puntos*

Algúns exemplos de innovacións tecnolóxicas e novas formas de aproveitar recursos poden ser tecnoloxías intelixentes para promover o turismo, aplicacións móbiles para a loxística e conectar oferta de produto local con consumidores, e outras.



3. Utilización de recursos endógenos da zona	
CRITERIOS	PUNTOS
3.1 Proxectos que poñan en valor recursos infrautilizados de carácter público	ata 5
3.2 Proxectos de posta en valor da biodiversidade, de medidas de conservación e protección de ecosistemas, desenvolvemento de infraestruturas e destinos turísticos sostibles, espazos de educación e sensibilización ambiental	5
3.3 Proxectos que se aliñen co Pacto Verde europeo, abordando aspectos clave como a eficiencia enerxética, a mobilidade sostible, as enerxías renovables, a economía circular ou a compensación de pegada de carbono	5
Puntuación máxima neste apartado	15 Pts

3.1 Proxectos que poñan en valor recursos infrautilizados (*) de carácter público

Ata un máximo de 5 puntos, de acordo cos seguintes criterios

- *Proxectos de rehabilitación de inmobles ou conxuntos arquitectónicos para uso público, e que repercutan na mellora dos servizos á poboación, ou na prestación dun servizo público:→ 5 puntos*
- *Proxectos de posta en valor de áreas e espazos para actividades lúdicas:→ 3 puntos*

(*) Refírese a un ben de dominio público (inmóble, espazo natural, infraestrutura, etc.) que, estando dispoñible, non se aproveita plenamente para o beneficio da comunidade, e que pode ser mellorado ou adaptado para ofrecer novos servizos ou actividades. Para acreditar esta condición servirá a descrición do estado actual do proxecto ou memoria técnica".

4. Igualdade de oportunidades	
CRITERIOS	PUNTOS
4.1 Proxectos promovidos por asociacións con implantación no territorio	ata 5
4.2 Proxectos de servizos ou actividades a implantar nunha entidade singular na que non existe	ata 5
Puntuación máxima neste apartado	10 Puntos

4.1 Proxectos promovidos por asociacións con implantación no territorio

Ata un máximo de 5 puntos, de acordo cos seguintes criterios

- *Proxectos de asociacións que veñan desenvolvendo un mínimo de 5 actividades anuais:→ 5 puntos*
- *Proxectos de asociacións que veñan desenvolvendo un mínimo de 4 actividades anuais:→ 4 puntos*
- *Proxectos de asociacións que veñan desenvolvendo un mínimo de 3 actividades anuais:→ 3 puntos*
- *Proxectos de asociacións que veñan desenvolvendo un mínimo de 2 actividades anuais:→ 2 puntos*
- *Proxectos de asociacións que veñan desenvolvendo un mínimo de 1 actividade anual:→ 1 punto*

As entidades deberán aportar a memoria anual de actividades aprobada en Asemblea ou órgano equivalente.

4.2 Proxectos de servizos ou actividades a implantar nunha entidade singular na que non existe

Ata un máximo de 5 puntos, de acordo cos seguintes criterios

- *Existe un servizo igual ou similar na parroquia:→ 1 puntos*
- *Existe un servizo igual ou similar no concello:→ 2,5 puntos*



- *Non existe o servizo igual ou similar en ningunha entidade singular do municipio:→ 5 puntos*

A inexistencia acreditarase con informe municipal.

5. Incidencia sobre a identidade territorial	
CRITERIOS	PUNTOS
5.1 Proxectos que favorezan a posta en valor de recursos e potencialidades do territorio	ata 10
5.2 Proxectos de creación de plataformas de apoio á venda conxunta de servizos e produtos cunha imaxe de calidade diferenciada para o territorio	ata 10
Puntuación máxima neste apartado	20 Puntos

5.1 Proxectos que favorezan a posta en valor de recursos e potencialidades do territorio

Ata un máximo de 10 puntos, de acordo cos seguintes criterios

- *Proxectos de apoio ós instrumentos de mobilidade e posta en valor da terra para producións de calidade:→ 10 puntos*
- *Proxectos de apoio a actividades turísticas en espazos protexidos e espazos de valor paisaxístico:→ 9 puntos*
- *Proxectos de recuperación de bens patrimoniais e mostras de oficios e saberes tradicionais:→ 8 puntos*
- *Proxectos de apoio a xestión agroforestal local como sumidoiros de Carbono:→ 7 puntos*

5.2 Proxectos de creación de plataformas de apoio á venda conxunta de servizos e produtos cunha imaxe de calidade diferenciada para o territorio

Ata un máximo de 10 puntos, de acordo cos seguintes criterios

- *Proxectos nos que se cree unha estrutura agrupada entre concellos ou outras entidades para promocionar o territorio como destino turístico:→ 10 puntos*
- *Proxectos de apoio á comercialización e promoción de produtos do territorio, preservación da cultura local de mercados e feiras tradicionais:→ 8 puntos*
- *Proxectos individuais que se demostre que foron consensuados con outras entidades para dar lugar a accións de posta en valor de recursos que inciden na imaxe de calidade de todo o territorio:→ 6 puntos*
- *Proxectos que inciden unicamente na imaxe do ámbito municipal:→ 4 puntos*

Algúns exemplos deste tipo de estruturas poden ser unha asociación de empresas de ecoturismo que promociona experiencias no territorio, unha asociación de comerciantes que mellora ou crea un mercado tradicional, unha plataforma de venda agrupada de produto local e outras.

6. Incidencia sobre os sectores estratexicos	
CRITERIOS	PUNTOS
6.1 Proxectos de actividades vinculadas á mellora da calidade de vida dos habitantes en entidades singulares onde non existan (servizos de vivenda, comunidades enerxéticas, dixitalización, conectividade, servizos sociais, servizos de apoio a empresas locais, etc)	ata 5
6.2 Proxectos vinculados ó desenvolvemento das marcas de calidade territorial con infraestruturas de apoio ou fomento da colaboración entre actores do territorio	5
6.3 Proxectos vinculados á xeración conxunta de actividades de ocio e de aproveitamento de recursos turísticos, cunha perspectiva de destino de ecoturismo	5
Puntuación máxima neste apartado	15 Puntos



6.1 Proxectos de actividades vinculadas á mellora da calidade de vida dos habitantes en entidades singulares onde non existan (servizos de vivenda, comunidades enerxéticas, dixitalización, conectividade, servizos sociais, servizos de apoio a empresas locais, etc)

- Os servizos similares máis próximos atópanse nun radio de 2 km ou menos:→ 1 punto
- Os servizos similares máis próximos atópanse nun radio de mais de 2 km e ata 5 km:→ 2 puntos
- Os servizos similares máis próximos atópanse nun radio de mais de 5 km e ata 8 km:→ 3 puntos
- Os servizos similares máis próximos atópanse nun radio de mais de 8 km e ata 10 km:→ 4 puntos
- Os servizos similares máis próximos atópanse nun radio de mais de 10 km:→ 5 puntos

6.2 Proxectos vinculados ó desenvolvemento das marcas de calidade territorial con infraestruturas de apoio ou fomento da colaboración entre actores do territorio

Os proxectos non se limitan aos exemplos citados na seguinte lista; calquera iniciativa que fortaleza a identidade territorial, mellore a competitividade local e fomente a colaboración pode ser considerada.

- Proxectos do Clube de Produto Cociña de Ancares Terras de Burón: colaboración entre produtores e sector turístico mediante fórmulas asociativas.
- Proxectos asociativos de promoción do ecoturismo no territorio baixo o selo de "Soy Ecoturista" ou similares.
- Programas de certificación e adhesión de establecementos a Clubes de produto ou sistemas de calidade.
- Economía social e obradoiros compartidos para a valorización de produtos locais.
- Rutas e experiencias de turismo sostible que combinen visitas a produtores e gastronomía.
- Iniciativas xeradoras de sinerxías entre actores para fortalecer a identidade territorial e competitividade local.

6.3 Proxectos vinculados á xeración conxunta de actividades de ocio e de aproveitamento de recursos turísticos, cunha perspectiva de destino de ecoturismo

Algúns exemplos deste tipo de proxectos conxuntos

- Proxectos que poñan en marcha concellos encadrados e coordinados ca estratexia turística do Xeodestino Ancares Terras de Burón, como por exemplo a posta en valor da rede de micropaisaxes, a posta en valor de rutas que formen parte das escapadas e experiencias ofertadas polo Xeodestino.
- Proxectos de asociacións ou agrupación de actores locais para crear experiencias coordinadas ca estratexia de destino de ecoturismo, aprobada para o territorio.

CRITERIOS DE DESEMPATE

- No caso de empate, terá prioridade o proxecto que teña acadado máis puntuación no criterio 1.1, particularmente si se trata dun proxecto de oferta de espazos de traballo nas entidades singulares de poboación.
- De persistir o empate, terá a seguinte orde de prioridade o proxecto que teña mellor puntuación no criterio 5.1, particularmente si se trata dun proxecto de aplicación dos instrumentos da Lei de mobilidade de terras.
- Si aínda así persiste o empate, atenderase á data de presentación da solicitude no rexistro.

